

Num. 285



Marzo 2011

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



sindicato
labrego galego
comisións labregas

20 de marzo: Manifestación pola derogación da Lei de Augas



O 23 de febreiro, presentábase en sociedade a Plataforma contra a Lei de Augas. Na rolda de prensa compareceron, de esquerda a dereita, Xosé Alfredo Pereira, presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes; Carme Freire, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego; e Manoel Santos, director de Altermundo. Neste acto, anunciábase unha manifestación pedindo a derogación da lei para o 20 de marzo.

Durante o mes de febreiro, leváronse a cabo diversas accións de cara a organizar a resistencia contra a Lei de Augas de Galicia. Mentres que o día 11, por mandado da súa Dirección Nacional, o SLG facía un chamamento a todas as organizacións sociais e á cidadanía para unir

forzas de cara a defender que a auga siga a ser un ben público e universal; o 23 de febreiro callaba a convocatoria coa constitución da Plataforma contra a Lei de Augas, que conta co apoio inicial, a nivel da Galiza, de SLG, Organización Galega de Comunidades de Montes, Amarante, Marcha Mundial das

Mulleres e Altermundo. Neste acto de presentación, anunciábase tamén o inicio das mobilizacións cunha manifestación programada para o 20 de marzo, ás 12:00 horas en Compostela, en torno ao Día Mundial da Auga. O obxectivo da Plataforma é un só e irrenunciable: a derogación da lei. **Páxs. 4 a 6**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García Rodríguez
Colaboracións: Carme Freire,
Ana Rodríguez, Olalla López
Barro, Manuel Docampo, Xosé
Manuel Parente, Beatriz Iglesias,
Xosé Ramón Cendán, Antón
Sánchez García, Antonio Villarino
e Diego Sánchez Agra.

Deseño e maquetación:

Xosé García Rodríguez

Sede da redacción:

Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixofrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixofrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
SANTA COMBA - R/ Carmen
Santiso, nº22, baixo. Tif. 981 680909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tif: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTI/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.
982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif. 982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros, portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 718 526

2 / Sumario

nº 285
Marzo de 2011



Editorial

- Se os deixamos, acabarán privatizando o noso dereito a vivir.....3

Galiza

- A Plataforma contra a Lei de Augas convoca unha manifestación para o 20 de marzo / A Lei de Augas de Galicia invade competencias municipais...4 a 6
- A Consellaría de Medio Rural comprométese ante o SLG a pagar os CES do 2009 e a aprobar os do 2010.....7
- O SLG demanda solucións aos problemas provocados pola A-8 na Mariña.....7
- Charo Sánchez Parga advirte dos perigos dos transxénicos nas V Xornadas de Agroecoloxía de Ourense.....7
- Curso de informática labrega no Ribeiro.....8
- Xuntanza no Concello de Ordes para tratar os problemas do rural.....8
- Boa acollida do libro de Tareixa Ledo Regal nas súas presentacións.....8

Aldea Global

- Isabel Vilalba, do SLG, saíu elixida membro do comité coordinador da Coordinadora Europea da Vía Campesina / Lidia Senra: "Fomos quen de manter o problema do leite na axenda da Comisión Europea".....9

Sectores Gandeiros

- O Congreso do Vacún de Carne rexeita as privatizacións da Xunta10
- O Ministerio de Medio Rural aborta toda posibilidade de solucionar os problemas do sector lácteo.....11
- O SLG insta a Medio Rural a investigar a posible relación entre pensos e doenzas animais.....11
- Ultimato a Eugenio Rey até o 10 de marzo para que pague o leite.....11

Sectores agrarios

- Relatorio do sector da Patata.....12
- Relatorio do sector de Horta, Froita e Flor.....14
- Entrevista a Serge Azais: "Seguimos un modelo no que os viticultores e as viticultoras diriximos a nosa adega".....17
- Acción formativa para reforzar a posición das pequenas adegas.....18
- O Condado tamén ten representantes na Dirección do Viño do SLG.....18
- Valxestoso celebra a XII Feira do Grelo tras unha boa colleita.....18

Montes

- Frouma e SLG celebraron vinte seminarios ao redor do sector forestal...19
- Olives terá que devolver as axudas forestais por culpa do Plan Eólico.....19

Mulleres

- Un 8 de marzo con peores pensións e iguais atrancos para ser titulares.....21
- Quince labregas betanceiras perderónlle o medo a Internet e ás novas tecnoloxías.....21

Eira.....22 e 23



No Congreso do Vacún de Carne do SLG, celebrado o pasado 26 de febreiro en Becerreá, boa parte dos debates viraron ao redor dun fenómeno que se está a estender coma un cancro por todo o medio rural e as actividades agrogandeiras, pero tamén por toda a sociedade en xeral: a privatización dos servizos públicos. Evidentemente, naquel congreso falouse de problemas que tiñan que ver co sector, pero cuxa orixe atopámola en procesos privatizadores que xa se deron ou que se están a planificar dende os gobernos.

O proceso privatizador aféctanos ás explotacións en servizos, ata hai pouco públicos, como a identificación do gando, a sanidade gandeira, o asesoramento ás explotacións ou a desinfección de vehículos para transporte de animais.

Mais está sendo xa unha realidade tamén a apropiación por parte das empresas, con todos os referendos legais que desde os gobernos lles dotan, de recursos fundamentais como a auga, ou o uso da terra e dos montes veciñais.

Estando elaborando estratexias ou leis nas que as empresas se apropian de todos os espazos, convertendo o territorio nunha reserva barata para a produción enerxética, ben sexa instalando muíños de vento (de aí o plan eólico), ben facendo agresivas plantacións forestais de cara a producir agromasa para queimar ou para múltiples aproveitamentos nos que a xente nada ten que dicir nin que compartir.

A pouco que tiremos do fío, a vaga privatizadora non só asolaga a todos os sectores agropecuarios e forestais; afecta por enteiro ao medio rural. O desmantelamento do público nas nosas parroquias estanos deixando sen servizos básicos e esenciais para as persoas como o ensino, a sanidade ou a atención á infancia e ás persoas maiores. Servizos que, pouco a pouco, comezaron a ofrecer empresas privadas diante do baleiro deixando polos gobernos.

A reforma das pensións, que nos vai deixar unhas xubilacións aínda máis miserábeis cás que tiñamos pensado cobrar, -e que nos expulsa directamente a moitas mulleres do sistema público da Seguridade Social-, tamén ten moito de privatización, pois xa as multinacionais aseguradoras levan anos vendéndonos plans de pensións

Se os deixamos, acabarán privatizando o noso dereito a vivir

para cubrir, supostamente, a desprotección á que nos condenan os Gobernos.

E para privatización, a da auga. Os nosos avós e as nosas avoas non o crerían. Os nosos pais e nais néganse a crelo. Pero é certo. A Xunta fixo unha lei que permite, a partir de agora, que nos cobren pola auga da choiva e dos ríos, pola auga dos regatos e das fontes, pola auga dos pozos e das traídas veciñais. Paralelamente, converteu o organismo Augas de Galicia, que será quen xestione toda a auga no noso país, nun ente de dereito privado sen control parlamentario nin cidadán de ningún tipo.

Tanta privatización non é casualidade. Tanta traizón dos gobernos aos cidadáns e cidadás, tampouco. As directrices que mandan privatizar parten de organismos internacionais, escuros e antidemocráticos como a Organización Mundial do Comercio (OMC), o Fondo Monetario Internacional (FMI) ou o Banco Mundial. Organismos que a sociedade non escolle e que ninguén vota, todos con poder para tomar decisións a escala mundial, sen control de ningún goberno e dominados ao seu antollo polas grandes empresas multinacionais. Diante deles, o benestar da xente non vale nada, e tampouco os seus votos nin os gobernos que elixen. Estes organismos converten á democracia nunha farsa e aos e ás gobernantes en cómplices dela. Todo isto deberían obrigá-los a apostar seriamente por outros xeitos de participación social máis efectivos e democráticos.

Son estes organismos internacionais, precisamente, os que obrigan a que na Unión Europea, e en boa parte do mundo, se estea deixando o noso sustento alimentario en mans das grandes multinacionais dos transxénicos e da alimentación, en mans das grandes distribuidoras, as cales están privatizando todo o patrimonio biolóxico da humanidade, patentando sementes e plantas que levan millóns de anos existindo, ou, simplemente, creando outras novas en laboratorios para vendérmolas ao prezo que máis

lles conveña.

Mesmo a reforma da política leiteira que nos está a propor a Comisión Europea fede a privatización co desmantelamento do control público da produción para que sexan as organizacións de produtores as que nos autoregulen e equilibren a oferta e a demanda, sabendo como sabemos que quen controla o mercado son as multinacionais e, polo tanto, son elas as que van seguir regulando a demanda e os prezos. Todo isto acompañado da destrución de toda posibilidade de negociación colectiva.

E para acabar de privatizar, mesmo van facelo cos nosos cartos, cos nosos aforros. O proceso de fusión das caixas galegas para que, agora, as obríguen a converterse en bancos, vai por aí. Con esta mudanza, non só desaparecerán centos de sucursais que daban un servizo de proximidade no noso rural, senón que parte dos nosos aforros deixarán de investirse en obra social e quedarán, integramente, ao servizo dos mesmos especuladores financeiros que provocaron a crise que padecemos e que nos negan os créditos para mellorar as nosas explotacións ou para crear pequenas empresas.

Son tempos difíciles para a cidadanía. Tempos nos que, día si e día tamén, nos privan de servizos públicos ou mesmo de dereitos. Estes tempos demostran que xa non abonda con que nos deixen meter un voto nunha urna cada catro anos, que hai que ir máis alá. O noso deber como cidadás e cidadáns é defender os dereitos conquistados no pasado, si; pero tamén loitar por gañar outros no presente e no futuro. E iso obríganos a non cruzarnos de brazos. O vindeiro 20 de marzo hai convocada unha manifestación para obrigar á Xunta a recuar no despropósito que supón a Lei de Augas, para forzar a súa derrogación. Debemos estar aí para defender o noso dereito a beber auga; pero deberemos estar, a maiores, en todas as ocasións que teñamos para enfrontarnos a esta vaga privatizadora, porque o que está en xogo é, nin máis nin menos, que o noso dereito a vivir.

A Plataforma contra a Lei de Augas convoca manifestación o 20 de marzo

O SLG forma parte deste movemento cívico que reivindica a derogación desta lei tan lesiva para Galiza

O 10 de febreiro, reuníase a Dirección Nacional do SLG e decidía facer un chamamento público a todas as organizacións sociais de Galiza, sen incluír partidos políticos, de cara a mobi-

lizarse para forzar a derogación da Lei de Augas. Ao día seguinte, o 11 de febreiro, Carme Freire e Manuel Docampo comparecían ante os medios de comunicación para facer o chama-

do, que callou o 23 de febreiro, cando fixo a súa presentación pública a Plataforma contra a Lei de Augas. No calendario, unha data, o 20 de marzo, para comezar as mobilizacións.

Na rolda de prensa do 11 de febreiro, tanto Manuel Docampo, membro da Executiva do SLG, como Carme Freire, secretaria xeral, coincidiron en sinalar que a Lei de Augas é a máis grande agresión sufrida por Galiza na era democrática. Mentres que Docampo advertiu que “se privatiza un elemento indispensable para a vida das persoas e dos animais, e para a produción de alimentos”, Freire foi máis alá e afirmou que “se privatiza o noso dereito a vivir”.

Dende o punto de vista legal, Manuel Docampo explicou que as competencias sobre a auga foron transferidas polo Estado Español á Xunta no ano 1986, a través do Real Decreto 2.792. O feito de cederlle estas competencias a unha empresa como Augas de Galicia que, dende o punto de vista xurídico, funciona como unha sociedade anónima (ao ser Augas de Galicia un organismo de dereito privado), fai que a lei impulsada pola Xunta podería estar raíando a inconstitucionalidade.

Parte desta campaña consistirá en pedirlle aos concellos que se manifesten en contra da lei negándose a colaborar no cobro do canon. Neste senso, o SLG mantivo, nas últimas semanas, encontros cos principais partidos políticos que se van presentar ás eleccións municipais (PP, PSOE, BNG e EU).

A secretaria xeral do SLG tamén chamou a atención do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, e pediulle que deixe de

tomarlle o pelo ao pobo galego, en referencia ás súas declaracións de que a Lei de Augas non se ía aplicar. Freire replicou dicíndolle que “se creou unha lei para despois non aplicala, o mellor que pode facer é derogala”.

Finalmente, Carme Freire advertiu que “a auga é un recurso público e natural que non ten prezo e, polo tanto, non a imos pagar. Imos parar esta Lei de Augas, pese a quen pese, especialmente a aqueles que pretendían especular e facer negocio a costa deste recurso fundamental para a vida. Se a auga é nosa, toda esta loita tamén vai ser nosa, e o Goberno que aprobou esta lei lesiva e agresiva para toda a cidadanía vai ter que derogala porque non lle imos dar tregua para que a aplique”.

Arriba, rolda de prensa na que se presentou a Plataforma Galega contra a Lei de Augas, celebrada o 23 de febreiro; abaixo, charla de Manuel Docampo enmarcada nas Xornadas de Agroecoloxía de Ourense, o pasado 22 de febreiro.



A cidade de Ferrol tamén contra a lei

Grazas ao regulamento de participación cidadá do Concello de Ferrol, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, participou, o pasado 24 de febreiro, no pleno municipal ferrolán para defender a derogación da Lei de Augas de Galiza por atentar contra o dereito básico da cidadanía a beber e, por extensión, a vivir. Cos votos de PSOE, BNG e EU, a moción presentada por esta última formación política saíu cara a adiante, polo que o Concello de Ferrol se converte no primeiro na Galiza en pronunciarse a favor da derogación da Lei de Augas.



Carme Freire,
secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego



“A auga debe ser un ben gratuito para a vida das persoas, dos animais e da sociedade”

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire foi a encargada de adiantar a data de comezo das mobilizacións para forzar a derogación desta lei “lesiva para toda a cidadanía”: o 20 de marzo, en Santiago de Compostela, Día Mundial da Auga. Freire xustificou a xestión da Plataforma e a convocatoria de mobilizacións por dous motivos fundamentais.

En primeiro lugar, porque “a auga é un ben público, un ben da natureza e, polo tanto, non pode ser obxecto de negocio para ningún tipo de empresa, calquera que sexa a súa natureza; ademais, a auga debe ser un ben gratuito para a vida das persoas, dos animais e da sociedade”. En segundo lugar, porque “non se pode privatizar un ben como a auga, porque non se pode decidir por lei que sexa unha empresa de dereito privado, como Augas de Galiza, a que pase a xestionar un recurso básico para a vida como é a auga”.

Manoel Santos,
director de Altermundo



“A Lei de Augas de Galiza é unha aberración absoluta que vai contra os dereitos humanos”

O director de Altermundo, Manoel Santos, explicou que “o gran cambio que supón esta lei non é que se privaticen un subministro, unha depuración ou un servizo; senón que se privatiza o elemento, é dicir, danse dereitos de explotación e cobro sobre a utilización da auga da choiva ou do mar. É verdadeiramente abraiante”.

Santos lembrou que en países como Francia se están a dar pasos, xustamente, no sentido contrario, coa remunicipalización do servizo de subministro de augas en máis de corenta concellos no último ano, entre os que se inclúe París. Nembargante, “no noso país se lle deixa toda a xestión de augas a unha empresa, Augas de Galiza que é pública, pero que coa nova lei se converteu ao dereito privado”, o que supón “unha aberración absoluta que vai contra os dereitos humanos, porque a auga é un dereito humano como así establece a ONU”.

Xosé Alfredo Pereira,
presidente de ORGACMM



“Imos concienciar e mobilizar á sociedade para que a Lei de Augas non vaia para adiante”

O presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes, Xosé Alfredo Pereira, encadrou a Lei de Augas nun contexto xeral de “privatizacións continuas por parte do Goberno do Partido Popular que, dende que chegou á Xunta, está privatizando todos os servizos públicos. Se antes foron os servizos de dependencia e igualdade, agora é a auga, e mañá serán os montes veciñais e de mancomún”. Pereira afirmou que “non imos pasar por aí e imos concienciar e mobilizar á sociedade para que isto non vaia para adiante”.

Respecto a si a plataforma estaba en contra dos controis de contaminación e calidade da auga que pretende promover a lei, Pereira contestou con tres preguntas: ¿Estamos de acordo en que hai que facer un consumo responsable da auga? Si. ¿Estamos de acordo en que hai que tomar medidas contra a contaminación? Si. ¿Iso obriga a privatizar a auga? Non.

**20 de marzo
en Compostela**

Manifestación pola derrogación da Lei de Augas de Galiza



Saída ás 12:00 horas dende a Alameda

A Lei de Augas de Galicia invade competencias dos concellos



A lei permítelle á empresa Augas de Galicia, empresa que é xuridicamente unha S.A., apropiarse de competencias municipais en materia de augas. Recoñece as competencias que, en materia de augas, teñen as entidades locais de Galiza: abastecemento, saneamento e tratamento de augas residuais (art. 5 e 27). Así, os concellos pasan de ter esas competencias como exclusivas, a compartir coa empresa Augas de Galicia a obriga de garantir o subministro de augas en cantidade e calidade axeitada a todos os núcleos de poboación, amais do saneamento e depuración de augas residuais (art. 24). A Lei de Augas:

■ Fai desaparecer a competencia municipal en materia de aprobación de proxectos de obra (art 29.2), a non ser

daquelas obras propias dos concellos, polo que, de aquí en diante, non será preceptiva a aprobación municipal para acometer ningunha obra relacionada co dominio público hidráulico (art 27.2.a).

■ Permite delegar o exercicio das competencias propias municipais na empresa Augas de Galicia (art 27.4) ou, o que é mais grave, permite a esta empresa -que a efectos xurídicos é unha sociedade anónima-, subrogarse nas competencias propias dos concellos polos motivos enunciados nesta lei e que desenvolverá o regulamento previsto (art 27.6 e 33).

■ Atribúe á empresa Augas de Galicia as funcións de supervisión das redes básicas de abastecemento (art 31.2), obrigando ás entidades locais a aprobar unha

ordenanza municipal en materia de abastecemento e de depuración de augas residuais que se axuste á lei.(art 31 e 32).

■ Sitúa por riba dos plans xerais de ordenación municipal o Plan Xeral Galego de Abastecemento e o Plan Xeral Galego de Saneamento (art. 34), que elaborará e redactará a empresa Augas de Galicia e aprobará o Consello da Xunta por decreto (art 38). Ao mesmo tempo, os concellos deberán someter a informe da empresa Augas de Galicia os instrumentos de ordenación territorial e os plans xerais de ordenación urbana (art.39).

■ Naqueles núcleos con subministro público ou privatizado, obriga aos concellos ou ás entidades subministradoras ao cobro do

canon da auga (art 63) e do coeficiente de vertedura, facendo aos concellos ou entidades propietarias das instalacións como responsables subsidiarias (art 46). Tamén terán que facilitar os datos de baleirado de fosas sépticas nas depuradoras, ás vivendas ou instalacións non conectadas a un sistema de depuración, para que a empresa Augas de Galicia emita a liquidación correspondente do coeficiente de vertedura (art 68).

■ A Lei de Augas de Galicia, amais de supoñer a privatización de todas as augas de Galiza, de poñerlle prezo ao ben auga, e de privatizar unha competencia autonómica; limita a autonomía municipal, obrigando aos concellos a actuar ao servizo da empresa Augas de Galicia.

Medio Rural comprométese co SLG a pagar os CES do 2009 e a aprobar os do 2010

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, e a secretaria de Desenvolvemento Rural da mesma organización, Ana Rodríguez, mantiveron un encontro, ás 19.00 horas do 2 de marzo, co Conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, e o director xeral de Produción Agropecuaria, Xosé Álvarez Robledo, para abordar, entre outras cuestións, o problema do impago das axudas do Contrato de Explotación Sustentable (CES) do ano 2009. A este respecto, o Sindicato Labrego Galego convocara, para o 4 de marzo, unha concentración diante da sede da Consellaría de Medio Rural para esixir o pagamento dos CES pendentes e a aprobación dos solicitados no ano 2010. Mais, diante dos compromisos adoptados na reunión, o SLG decidiu aprazar a mobilización á espera de que estes se cumpran. Neste senso, Medio Rural comprométese a:

■ Abonar, no transcurso de marzo, 1.000.000 de euros que aínda está pendente de pagar polos CES do ano 2009.

■ Enviar por escrito as aprobacións das novas solicitudes de CES e dos expedientes de ampliación de compromisos do ano 2010.

Outro dos eixes do encontro entre o SLG e Medio Rural virou ao redor dos rumores sobre o esgotamento dos fondos do Plan de Desenvolvemento Rural de Galiza (PDR 2007-2013) antes do seu remate. Con estes fondos se están a financiar varias axudas, ademais dos CES, como os plans de mellora nas explotacións, novas incorporacións á actividade agraria, as indemnizacións compensatorias para zonas desfavorecidas, etcétera. Juárez e Robledo aseguraron que segue habendo fondos para levar adiante o PDR e manter as axudas.

En calquera caso, o SLG manterase vixiante no cumprimento dos compromisos da Consellaría de Medio Rural en canto ao pagamento dos CES pendentes, a aprobación dos expedientes solicitados no 2010 e o financiamento do PDR 2007-2013 até a súa conclusión. En caso de incumprimento, convocáranse novas mobilizacións.

O SLG esixe solucións aos problemas creados pola A-8 na Mariña

Nos últimos meses, estanse a abrir ao tráfico novos tramos da autovía A-8 ao seu paso pola bisbarra da Mariña. Aínda que esta debería ser unha boa nova, o feito está a ocasionar numerosos problemas que afectan de cheo ás explotacións agrogandeiras da zona.

Por exemplo, para acceder a Lourenzá pola estrada de Masma (LU-153), agora é obrigatorio incorporarse á N-634 e circular até a rotonda de nova creación, onde vai dar a saída "definitiva" da A-8, para volver a Lourenzá.

Este percorrido a maiores, duns dous quilómetros, está a provocar graves trastornos na veciñanza e nas empresas da zona; pero afecta, especialmente, ás explotacións gandeiras, que se ven obrigadas a circular con tractores e maquinaria pesada pola N-634, estrada cunha grande densidade de tráfico, cos conseguintes riscos e perda de tempo que isto leva canda si.

A solución a este problema é ben doada. Simplemente, habería que rematar un tramo de pouco máis dun

quilómetro que separa a saída provisional co entronque definitivo da A-8 coa N-634, antes de abrir ao tráfico os novos tramos.

Por se non abundase, boa parte das indemnizacións por expropiacións dos terreos nos que se asentan os novos tramos seguen sen chegar aos propietarios e ás propietarias, tras máis de catro anos de producírense as ocupacións.

■ O SLG pide o pago inmediato das indemnizacións.

Para o responsábel do SLG na Mariña, Antonio Villarino, resulta "lamentable que a urxente necesidade de que alguén inaugure algo nestas datas pese máis que os intereses e a seguridade dos veciños e veciñas da comarca".

Por iso, dende o Sindicato Labrego reclamouse que, do xeito máis urxente posíbel, se proceda a abonar as indemnizacións pendentes, amais de axilizar a construción do tramo pendente até a saída "definitiva" da A-8, adoptando, mentres tanto, algunha fórmula viaria que non dificulte a mobilidade da veciñanza.

Charo Sánchez Parga advirte do perigo dos OXMs nas V Xornadas de Agroecoloxía

O pasado 20 de febreiro, a secretaria de Medio Ambiente, Terra e Montes do Sindicato Labrego Galego, Charo Sánchez Parga, participou nun xantar antitransxénicos con motivo das V Xornadas de Agroecoloxía de Ourense organizadas por Verdegaiá, Sem um cam, A Esmorga, Semente e Amigos da Terra. Charo falou cos e coas participantes sobre a introdución dos transxénicos no agro galego e sobre as consecuencias que isto pode ter na nosa alimentación.



Curso de informática labrega no Ribeiro



Os e as participantes no curso aprenderon informática aplicada ás xestións diarias que deben facer nas súas explotacións

Durante o mes de febreiro, dezaseis afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego da comarca do Ribeiro tiveron a oportunidade de poñerse ao día coas novas tecnoloxías aplicadas á actividade agraria, grazas a un curso formativo que se desenvolveu en horario vespertino.

O curso centrouse nos diversos recursos dispoñíbeis a través de Internet (webs de concello, Xunta, Catastro, Sixpac, Sergas, Tráfico, Facenda, Segurida-

de Social, Consellaría de Medio Rural, e mesmo servizos de tradución como os de Google, Opendrad ou Traducíndote).

Os e as asistentes tamén puideron aprender a crear e utilizar a súa propia conta de correo electrónico, ou comezar a traballar con procesadores de texto e follas de cálculo.

Todo isto, sen esquecer a informática recreativa co acceso a recursos de ocio na rede como o visionado de películas o de series on line.

Xuntanza no Concello de Ordes para tratar os problemas do medio rural

O Sindicato Labrego mantivo, o 21 de febreiro, un encontro co Alcalde de Ordes, Manuel Regos, de cara a tratar con el problemáticas de fondo calado para o medio rural que poden ter vías de solución a través das políticas municipais.

A comitiva que se reuniu co primeiro edil ordense estivo integrada polo secretario de Ordenación Territorial e Estructuras do SLG e produtor de leite, Xosé Manuel Calvo Rei; polo produtor de queixos e membro da xunta local do Sindicato Labrego, Fernando Conde; e por Xabier Souto.

Unha das reivindicacións que o SLG lle transmitiu a Regos tivo que ver coas recentemente aprobadas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), que pretenden concentrar os servizos, basicamente, nos grandes núcleos; fronte a estas directrices, o SLG transmitiulle ao rexedor a necesi-



Xosé Manuel Calvo, da Executiva do SLG, foi un dos que se reuniron con Manuel Regos

dade de reclamar que se manteñan e melloren servizos de proximidade nos pequenos concellos rurais, tanto para as explotacións como para a cidadanía en xeral.

Amais da oposición ás DOT, o SLG reclamou tamén que, dende os consistorios, se defenda ao medio rural fronte a agresións como a Lei de Augas de Galicia, que privatiza un dereito básico para a cidadanía e terá especial impacto nos labregos e nas labregas.

Boa acollida do libro de Tareixa Ledo Regal nas súas presentacións

Paseniño, o libro da compañeira Tareixa Ledo Regal, *"Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable"*, estase a dar a coñecer ao longo de toda Galiza. Así, no mes de febreiro fixéronse presentacións en Ourense, o día 17 (V Xornadas de Agroecoloxía, organizadas por Semente, A Esmorga, Amigos da Terra, Verdegala e Sem um cam); en Ferrol, o 24 (Asociación Fuco Buxán); e en Betanzos, o 25.

Nestes intreos, están programadas para marzo presentacións en Mondoñedo, Vedra (Asociación Berenguela), Vigo (Asociación de Mulleres Dorna, O Noso Barrio, Centro Cultural Rueiro e HOAC), Moaña e Lugo. En maio, haberá presentacións con motivo do San Cidre, o 14 (Movemento Rural Cristián Galego); e o 31 a través do Centro de Documentación e Recursos Feministas do Concello de Vigo.



Arriba: Lidia Senra durante a presentación en Ferrol organizada pola Asociación Cultural Fuco Buxán seguida dunha foto de familia do acto. Abaixo, á esquerda, presentación do libro en Ourense no marco das V Xornadas de Agroecoloxía; á dereita, Olalha López Barro, Carme Freire Cruces, Lidia Senra Rodríguez e Tareixa Ledo Regal no acto de Betanzos.

Isabel Vilalba, membro do Comité da Coordinadora Europea da Vía Campesina

A súa elección coincidiu coa marcha de Lidia Senra do órgano directivo tras máis de dous anos de traballo

A asemblea xeral da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) estivo reunida, do 15 ao 17 de febreiro en Bruxelas, para elixir un novo Comité de Coordinación. A

responsábel de Soberanía Alimentaria e de Mulleres do Sindicato Labrego, Isabel Vilalba Seivane, foi unha das persoas escollidas para formar parte deste órgano directivo,

elección que coincide coa marcha de Lidia Senra Rodríguez do mesmo. Lidia foi responsábel, durante os dous últimos anos, das áreas de Mulleres e Producións Gandeiras.

Ademais de Lidia, tamén deixou a directiva da Coordinadora Joop Koeijer, dos Países Baixos. Así, entraron no novo Comité Coordinador Andrea Ferrante, de Italia; Gjermund Haga, de Noruega; amais de Isabel Vilalba Seivane.

A Coordinadora Europea da Vía Campesina botou a andar en 2008 e é o resultado da reorganización das organizacións europeas que formaban parte da Vía Campesina. Actualmente a Coordinadora agrupa a organizacións do Estado Español (COAG), Galiza (SLG), Euskadi, Portugal, Francia, Alemaña, Malta, Austria, Dinamarca, Suíza, Italia, Holanda, Bélxica, Noruega, Suecia, Grecia e Turquía; ás que habería que engadir dúas novas incorporacións: Ecoruralis, de Romanía; e Esvy Ry, de Finlandia.



Isabel Vilalba e Lidia Senra (encrequenadas, primeira e terceira pola dereita, respectivamente) no Seminario Europeo do Leite, celebrado en Compostela en xaneiro de 2011, onde se fixaron as directrices a defender na reforma da política leiteira dende a Coordinadora Europea da Vía Campesina. Neste evento, Lidia Senra aproveitaba para despedirse como coordinadora dos sectores gandeiros.

“Fomos quen de manter o problema do leite na axenda da Comisión Europea”

Fouce falou coa secretaria de organización do SLG, Lidia Senra, acerca do traballo realizado dende o Comité Coordinador. Lidia fixo unha valoración positiva, sobre todo dende o punto de vista organizativo, xa que a Coordinadora Europea da Vía Campesina “supuxo a reorganización e a posta a andar de todos os integrantes da Vía Campesina en Europa nunha soa organización cunha única proposta común”.

En canto ao traballo feito, Lidia valorou esta etapa como “moi frutífera á hora de elaborar propostas para facerlle fronte a unha crise sen precedentes no sector lácteo europeo. Isto supuxo a posta en marcha de mobilizacións importantes, tanto a nivel europeo como a nivel local, nos distintos países.

Grazas á resposta mobilizadora e de propostas xurdida dende a Coordinadora Europea da Vía Campesina, fomos quen de manter o problema do leite na axenda da Comisión Europea”.

Tamén se traballou activamente “na reforma da Política Agraria Común, onde o grupo de mulleres elaboramos unha proposta de cara a facer unha nova PAC que recoñeza os dereitos profesionais das labregas”.

A pesares do traballo desenvolvido nestes primeiros anos de andadura, a axenda da Coordinadora Europea da Vía Campesina segue estando ocupada por cuestións que serán cruciais para o desenvolvemento da agricultura en Europa. Lidia Senra adiantou eixes de traballo como “a crise provocada polo



Lidia Senra valorou a primeira etapa do Comité Coordinador como “moi frutífera”

cambio climático”, ou o tema do leite, onde o reto será “conseguir que se manteña o control da produción e que non vaia para adiante a privatización da política leiteira”. En canto ás mulleres, “temos o obxectivo de conseguir, dunha vez por todas, que na PAC se recoñezan os dereitos das labregas”.

O Congreso de Vacún de Carne do SLG rexeita as privatizacións da Xunta

Criticáronse a fin de servizos públicos no rural e o intento de privatizar a auga e os montes veciñais

Becerreá, na montaña lucense, foi o lugar de encontro para celebrar o Congreso de Vacún de Carne do Sindicato Labrego Galego, o pasado 26 de febreiro. O evento serviu para

que a Dirección do sector, elixida nas asembleas previas, escollese ás persoas que, nos vindeiros catro anos, van coordinar e representar ao sector dende o SLG. Xosé Luís López Galán,

de Pedrafita do Cebreiro (Lugo) e Mercedes Alonso, de Cotobade (Pontevedra), serán responsábel e vices-ponsábel, respectivamente, nos vindeiros catro anos.

Coma sempre, o debate do relatorio tivo os seus intres máis intensos coas distintas voces que opinaron sobre as emendas presentadas. O primeira delas, tras admitir que Deza, Tabeirós e Terra de Montes constituísen unha única comarca dentro deste sector, virou ao redor dos usos dos montes de man común. A este respecto, o relatorio enriqueceuse cun engadido que di “Os usos gandeiros nos montes veciñais en man común serán prioritarios a outras actividades. Ningunha outra activade poderá restar dereitos históricos ás explotacións e, en calquera caso, deberá ser compatible coa gandería. Así, a lexislación que se promova en materia de montes veciñais en man común terá que defender tres cuestións básicas: a non privatización destes montes, darlle prioridade á produción de alimentos sobre outras producións, e que as axudas para gandería nas comunidades estean dirixidas ás explotacións agrarias”.

■ Controis nas pesadas dos matadoiros

Tamén se falou das poucas garantías que hai nos matadoiros nas pesadas. Se ben o relatorio orixinal xa reivindicaba que se inspeccionen e precinten as básculas dos matadoiros para que non sexan manipulábeis, e denunciaba a falla de vontade da Consellaría de Industria para facelo, decidiu demandar, a maiores: “que a competencia sobre o control das pesadas sexa da Consellaría de Medio Rural, a



Terra Chá: María Jesús Carreira, Javier Prieto, Rosario Prieto e Plácido Rodríguez.

Fonsagrada: Xosé Álvarez Lombardero, Mercedes Pérez, Xabier Rodil e Ana Belén Freijo.

Lugo centro: Xosé Antonio Fernández, Miguel Anxo Otero, María do Carme Expósito e María Luísa López.

Sarria: Camilo Rodríguez, Manuel Vázquez, Ánxeles Tourón e María Fe Blanco.

Ancares-Courel: Xosé Luís López Galán, María Carme García, Pilar Frey e Eric Fernández.

Pontevedra centro: Arturo Baqueiro, Mercedes Alonso, Xosé Manuel Vales e Sonia Adán.

Deza, Tabeirós e Terra de Montes: Serxio Mosteiro e Alberte Vence.

Ferrolterra: Manuel Tojeiro, Vanesa Roca, Xenaro López e María Xusta Sabio.

Pontevedra Sur: Diana María Pino, Xesús Ferreira e Albino Albariño.

Ordes: Carme Neira, Antonio Ramos e Xosé Manuel Castro.

Betanzos-Arzúa: María Pilar Sánchez, Antonio Sanmartín, María Xosé Vázquez, Xesús Lois Mariño e Víctor Manuel Aller.

Meira: Ánxeles López, María Xosé Salgado, Amable Silvosa e Xosé Víctor Lorenzo.

través do seu departamento de industrias agrarias e alimentarias”, pedíndose, tamén, “que se dispoñan os procedementos e medios necesarios para que exista un control público”.

■ Contra as privatizacións.

Outro eixe de preocupación foi o do proceso privatizador a que a Xunta está sometendo moitas das súas áreas de xestión. Aínda que se considerou positivo poder identificar as reses na propia explotación, subliñouse “que hai moita xente que non sabe ou non pode facelo (porque non ten acceso a Internet), véndose na obriga de pagar un servizo que, dende o Sindicato Labrego, entendemos que debe ser

público”. Neste senso, criticáronse as dificultades de facer as xestións para identificar o gando a través do teléfono 012, pois “moitas veces é imposible contactar, pagando igualmente a chamada”.

Outros servizos privatizados sobre os que se chamou a atención foi o de lavado e desinfección de vehículos

para o transporte de animais que, dende hai máis dun ano, ten que ser costeado polos gandeiros e gandeiras; ou a Lei de Augas de Galicia, que “supón a privatización de todas as augas de Galicia, sendo obrigatorio pagar polo seu usos amais de pola contaminación que se faga na explotación por fertilizantes, materia orgánica, etcétera”.



Mercedes Alonso, Carme Freire e Xosé Luís López Galán

O Ministerio aborta a busca de solucións aos problemas do sector lácteo

O pasado 16 de febreiro, a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, participou nun encontro en Madrid coa subdirectora xeral de produtos gandeiros, Esperanza Orellana. Carme Freire saíu decepcionada diante da teima do Ministerio de Medio Rural en sacar adiante un Real Decreto Lácteo que nega toda posibilidade de negociación dos prezos e impón un modelo de contrato obrigatorio que, amais de non solucionar os problemas que padece o sector produtor, empeorará a súa situación en varios aspectos:

■ **Organizacións de produtores (OP) e prezo mínimo:** o Ministerio insiste en que sexa o Estado Español o primeiro na Unión Europea en ceder a capacidade de negociar os prezos do leite ás organizacións de produtores, unha figura aínda sen definir dende o punto de vista xurídico, e que supón destruír toda posibilidade de negociación colectiva no sector e fragmentar o seu poder negociador. Trátase

dunha decisión política inmadura e precipitada que anula a posibilidade de fixar un prezo mínimo universal no sector que garanta a cobertura dos custos de produción e do traballo nas explotacións leiteiras.

Na xuntanza do Ministerio, só se falou dun tímido intento de crear un valor de base fixo ao que se vaían sumando outros índices variables de cara a formar os prezos. Mais ese valor base non contempla cubrir os custos nin os beneficios da produción láctea.

■ **Control da produción:** A pesares de que o Comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, non deu por pechado o debate do control público da produción no sector lácteo, o Ministerio que dirixe Rosa Aguilar teima en deixar a regulación do mercado en mans das OPs, desprendéndose dúas consecuencias gravísimas desta decisión tamén política: en primeiro lugar, o Estado Español renuncia a defender un control público da produción na



Carme Freire, do SLG, e Charo Arredondo, de COAG, participaron no encontro co Ministerio de Medio Rural para falar do decreto lácteo

Unión Europea que garanta o equilibrio no mercado; en segundo lugar, volven ser as multinacionais da distribución as grandes beneficiadas, xa que sen control da produción o mercado inundarase de leite coa previsible caída de prezos, é dicir, máis ruína para os produtores e produtoras e maiores marxes de beneficios e control sobre a produción alimentaria para as distribuidoras.

Nestas circunstancias, cun Goberno que aposta pola ausencia de controis no mercado lácteo, e que pretende facer obrigatorio un contrato tan lesivo para o sector produtor -sen negociación colectiva, e sen pre-

zos de base que cubran os custos e o traballo-, o Real Decreto Lácteo está deseñado para beneficiar, especialmente, á distribución.

Coa excusa de que non é competencia do Ministerio de Medio Rural, as grandes beneficiadas, as distribuidoras, non van ter regulada as súas relacións comerciais coa industria cun contrato obrigatorio, como así acontece cos produtores e produtoras. Deste xeito, as distribuidoras terán as mans libres para impoñer as súas condicións e prezos ás industrias, condicións e prezos que repercutirán directamente no valor en orixe percibido nas explotacións.

O SLG insta a Medio Rural a estudar a posible relación entre pensos e doenzas

O coordinador dos sectores gandeiros do SLG, Adolfo Cabarcos, presentou, diante da Consellaría de Medio Rural, un escrito denunciando as numerosas queixas que se están a producir na Galiza por un posible efecto negativo dos pensos nos animais de leite dende finais de xaneiro.

O escrito di que se está a producir “un incremento en operacións por torsións de panza e incluso mortes de varios animais de vacún de leite”, e recorda que “dende o mes de agosto pasado, as

empresas, cooperativas e diferentes comerciais non están na obriga de etiquetar a composición dos pensos, o cal esperta dúbidas sobre a trazabilidade do produto e incluso sobre a posibilidade de que teña relación directa cos casos mencionados de torsión e morte de animais”.

Diante desta situación, o SLG pediulle á Consellaría de Medio Rural que faga un seguimento destes feitos “diante dos cales calquera explotación está desprotexida”, e lle busque unha solución inmediata ao problema.

Ultimato a Eugenio Rey até o 10 de marzo para que pague o leite

O empresario de Melide, Eugenio Rey, leva sen pagar dende maio a moitas das explotacións nas que recolle o leite en varios municipios de Galiza. O Sindicato Labrego Galego mantivo unha reunión co industrial melidense, o pasado 18 de febreiro, para tratar de chegar a unha solución que contemple o pagamento dos cartos que se lles debe ás gandeiras e gandeiros afectadas/os.

No encontro participaron, por parte do SLG, o coordinador dos sectores gan-

deiros, Xabier Gómez Santiso; o responsábel nas comarcas da Terra de Melide e Arzúa, Xulio Fernández; e varios labregos afectados. Nesta xuntanza, Eugenio Rey asegurou que faría os ingresos no prazo de dúas semanas, razón pola que o Sindicato Labrego se deu ese prazo antes de tomar medidas máis radicais de presión; en concreto, se a láctea melidense non paga a súa débeda coas explotacións antes do 10 de marzo, recorrerase á vía xudicial para solucionar o conflito.

1 Relatorio do Congreso da Pataca

O ano 2011 será o do VIII Congreso do Sindicato Labrego Galego, decisión adoptada pola Dirección Nacional o 5 de decembro de 2010. Así, no primeiro cuadrimestre do ano, celebraranse os congresos sectoriais, cuxa organi-

zación foi delegada na Executiva Nacional do SLG. O cuarto deles será o Congreso da Pataca, que se celebrará o 17 de marzo en Xinzo de Limia (Ourense). De seguido, publicamos o texto do relatorio a debater.

1. INTRODUCCIÓN

(1.1.) A pataca en Galiza é un cultivo de gran tradición e cultura, e ten polo tanto, importantes posibilidades debido á súa importancia económica e cultural; con elevadas capacidades para a produción tradicional, ecolóxica e incluso intensiva con rotación de cultivos, con variedades autóctonas de calidade nas que se fai necesario seguir traballando tanto en relación coa súa mellora como no tocante á súa promoción.

(1.2.) Faise indispensable transmitir ás novas xeracións a cultura da calidade no seu consumo, fronte ó emprego de patacas foráneas que se están introducindo cada vez máis nos nosos mercados. A poboación galega tanto do rural como as xentes que marcharon cara as cidades teñen perfectamente gravados os parámetros de calidade da pataca. Os mozos e mozas, están a perder estas referencias, polo que resulta fundamental a promoción da pataca como parte da nosa cultura. A pataca segue a ser o cultivo da nosa historia máis estendido no agro.

(1.3.) Durante as últimas campañas estamos asistindo a unha situación caracterizada por dificultades na comercialización da pataca do país, constatando por outra banda, un incremento substancial nas importacións de pataca foránea, sobre todo de Francia.

(1.4.) O obxectivo do presente relatorio, é expor a situación do sector produtor, así como propoñer as actuacións que cremos que as administracións deberán establecer para lograr paliar a grave situación que están atravesando os labregos e labregas que cultivan pataca.

2. SITUACIÓN DO SECTOR

(2.1.) A produción de pataca en Galiza ten unha grande importancia económica en diversas comarcas produtoras e a súa calidade ten sido contrastada suficientemente polos distintos mercados aos que se destina; fundamentalmente, consumo en fresco e industria de frito. En canto á pataca destinada a consumo en fresco, Galiza conta con unha

Indicación Xeográfica Protexida (IXP) que ampara a pataca da variedade Kennebec producida e envasada en 4 comarcas produtoras: A Limia (Ourense), Bergantiños (A Coruña), Terra Chá e Lemos (Lugo), e cinco concellos da comarca de Verín (Ourense).

(2.2.) Ao mesmo tempo, a produción de pataca destinada á industria de frito supón un importante volume, sobre todo na comarca da Limia (Ourense). De feito a calidade e prestixio de esta, fai que as grandes marcas de transformación que operan no mercado teñan nesta comarca unha das súas provedoras habituais.

(2.3.) Inestabilidade.

(2.3.1.) Atopámonos ante un sector que sempre se caracterizou pola inestabilidade dos prezos que perciben os labregos e labregas; anos nos que os prezos se equilibran cos gastos e a remuneración do traballo e campañas nas que os ingresos das explotacións non chegan nin para cubrir os custes de produción. Esta situación é máis crítica na zona da Limia que nas outras zonas produtoras do país, debido principalmente á dependencia que existe na comarca Limiá de vender as patacas a través dos almacenistas e tamén a que estamos a falar doutro tipo de produción e de mercados.

(2.4.) Aumento das importacións.

(2.4.1.) O aumento que tódolos anos se produce da importación de patacas foráneas está levando ó sector a unha crise caracterizada por unha situación de prezos baixos permanentemente, producíndose tamén un aumento do valor gastado polos consumidores e consumidoras para mercar patacas que non se reflicte nos prezos percibidos polos produtores e produtoras.

(2.3.2.) As grandes áreas comerciais están importando e vendendo nos seus lineais patacas importadas, maiormente de Francia e tamén de terceiros países (Marrocos ou Exipto), impedindo o acceso das nosas produción ó mercado.

(2.3.3.) Neste senso, dende o SLG

entendemos que a primeira prioridade é apostar polo consumo da nosa pataca en Galicia, aproveitando a vantaxe comparativa dos consumidores e consumidoras galegas que prefiren adquirir pataca de calidade das súas comarcas.

(2.3.3.) A identificación e a diferenciación con parámetros de calidade semellan unha das alternativas para conseguir mellores posición no mercado. Por isto, compre un apoio forte á identificación e á consecución de pataca de calidade, alimento que debe obter unha remuneración xusta para que a xente quen traballa coa calidade vexa recompensado o seu traballo.

(2.4.) Marxes comerciais.

(2.4.1.) Por outra banda, a falta dunha regulación por parte das administracións das marxes comerciais, (na campaña 2009 por enriba do 1000%), crean unha concentración do valor económico da pataca na distribución fronte á produción e elaboración.

(2.5.) Asociacionismo.

(2.5.1.) Unha grande eiva que ven arrastrando o sector é a segmentación das persoas que producen pataca, debido a que existen moi poucas iniciativas de asociacionismo ou cooperativismo que reforcen a súa posición. Fronte a esta situación no sector produtor, tanto os almacenistas como a gran distribución manexa ó seu antollo a contratación e a compra da produción de xeito individual acentuando a disparidade de prezos entre as explotacións con pouca produción e as máis grandes.

(2.5.2.) Neste sentido, dende o SLG defendemos que a Administración debería acometer e apostar por medidas de apoio a estruturas dos labregos e labregas para comercialización directa e mesmo apoiar industria de transformación propia.

(2.6.) Contratos.

(2.6.1.) Na actualidade existen contratos privados entre os almacenistas e os produtores. Estes contratos non ofrecen garantías de ningún tipo para os

Relatorio do Congreso da Pataca 2

labregos e labregas, xa que dependen de como vaia a campaña; a industria aplica descontos ou fai calibrados das patacas en función dos seus intereses e así atopámonos con circunstancias como na campaña 2009 na que houbo descontos na produción de ata o 50%, incidindo directamente na caída dos prezos pagados ós produtores e produtoras.

(2.6.2.) No SLG seguimos a defender a existencia de contratos homologados, voluntarios, que dean estabilidade os produtores e produtoras que os asinan. Pero deben ser contratos que fixen prezo para a pataca que cubran os custes de produción e máis o traballo dos labregos e das labregas.

(2.6.3.) O SLG nunca aceptará un contrato se prezo, tal e como se implantou no ano 2008, que o único que significa é vendernos á industria, para que sexa ela quen unilateralmente decida e impoña as condicións económicas.

(2.7.) Pataca de sementeira.

(2.7.1.) Galiza importa a maior parte da pataca de sementeira. Nos últimos anos, estase constatando un aumento considerable de problemas sanitarios nas patacas que se mercan para a sementeira. Actualmente hai semente que contamina o chan durante varios anos, causa minguas importantes na produción, etcétera.

(2.7.2.) Dende o SLG demandamos que se estableza claramente as responsabilidades de quen vende esa semente, xa que na actualidade é o propio produtor quen ten que asumir tódalas perdas ocasionadas.

(2.7.3.) Así mesmo, a consecución de semente de calidade galega debe ser outra prioridade co fin de reducir os custes de tela que importar.

3. MEDIO AMBIENTE

(3.1.) Dende o SLG, somos conscientes de que a calidade vai da man da redución de produtos fitosanitarios; neste sentido valoramos importante continuar co esforzo de formación e de información, así como seguir dando o debate na base da nosa afiliación, de cara a tomar conciencia de certas alternativas que amais de resultar menos

lesivas para nós e para o medio, son mais baratas.

(3.2.) A actividade dos labregos e labregas, como consecuencia da explotación do medio rural e do seu asentamento no territorio, permite a preservación do medio. A actividade agrícola e gandeira, como elemento de equilibrio no medio rural, de preservación da paisaxe ante a acción dos incendios forestais, de protección do chan, da supervivencia da flora e da fauna, entre outros moitos aspectos positivos, ten quen ser un punto de referencia á hora de negociar aquelas directrices políticas que teñan calquera tipo de incidencia na actividade agraria, xa sexa relacionada coa política económica, (protección de axudas ó sector mantendo os fondos de cohesión), como social (asentamento de poboación no rural, mantemento do equilibrio territorial.)

(3.3.) Pola contra as actuais políticas agrarias europeas e mundiais, acordadas entre os gobernos e as grandes multinacionais, están a fornecer e ampliar o control das grandes agrocorporacións sobre o sector agrario. Así, ao tempo que desprazan a produción labrega de alimentos, aumentan os seus beneficios económicos e afondan no seu modelo da destrución do medio, a través dunha agricultura entendida como a suma de monocultivos, biotecnoloxía, biopiratería (transxénicos), agrotóxicos e capital financeiro .

4. TRANSXÉNICOS

(4.1.) No SLG estamos en contra da manipulación xenética que se está experimentando e facendo en moitos alimentos, tamén no referente á pataca. As OXM son unha agresión a riqueza xenética das nosas producións, á biodiversidade e tamén á calidade das nosas patacas.

(4.2.) A Comisión Europea ven de aprobar o uso de patacas transxénicas, (Amflora), que supón un novo ataque á produción tradicional de alimentos.

(4.3.) O seu obxectivo principal son as agroindustrias, a produción intensiva e os monocultivos. Cando falamos de agroindustria falamos de biopiratería, da privatización dos bens colectivos, da perda absoluta do control das labregas e labregos sobre a produción de ali-

mentos, e dunha total dependencia do paquete tecnolóxico que nos venden estas empresas (ás sementes modificadas xeneticamente hai que botarllas un tipo de produtos proporcionados pola mesma empresa) ademais da progresiva desaparición das explotacións familiares labregas. A biotecnoloxía é unha actividade comercial, non está dirixida a solucionar os problemas que temos as labregas nin dirixida a unha produción local de alimentos e moito menos a contemplar dereitos da cidadanía como o dereito á soberanía alimentaria.

(4.4.) Dende o SLG denunciámos publicamente a pasividade e o dobre xogo das nosas institucións e os nosos gobernos, que poñen os intereses económicos por enriba da produción de alimentos.

5. POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC)

(5.1.) No sector da pataca é evidente a dinámica de baixada de prezos así como as tentativas das grandes empresas do sector de controlar totalmente o mercado, marcando prezos por debaixo dos custes de produción.

(5.2.) Atopámonos ante un sector que carece de OCM, polo que non existe ningún tipo de regulación e tampouco ningún tipo de axudas de apoio ó sector.

(5.3.) Faise pois indispensable a regulación tanto do sector como dos mercados para garantir unhas rendas dignas ós labregos e labregas, e frear a especulación e as oscilacións de prezos as que se ve sometido este sector.

(5.4.) Necesitamos, en definitiva un PAC forte, ó servizo dos labregos e labregas e en defensa da agricultura labrega, no obxectivo da Soberanía Alimentaria como dereito dos pobos de poder decidir a política agraria en función das necesidades alimentarias e non unha PAC para que as grandes empresas transnacionais poidan ter materias primas baratas de cara obter cada vez máis beneficios.

1

Relatorio do Congreso de Horta, Froita e Flor do SLG

O ano 2011 será o do VIII Congreso do Sindicato Labrego Galego, decisión adoptada pola Dirección Nacional o 5 de decembro de 2010. Así, no primeiro cuadrimestre do ano, celebraranse os congresos sectoriais, cuxa organi-

zación foi delegada na Executiva Nacional do SLG. O quinto deles será o Congreso de Horta, Froita e Flor, que se celebrará o 3 de abril en Compostela. De seguido, publicamos o texto do relatorio a debater.

1. INTRODUCCIÓN

(1.1.) A destrución do modo de produción e comercialización tradicionais non levou consigo a aparición doutro modelo exitoso para os labregos e labregas galegos.

(1.2.) Nos últimos anos acentuáronse as características negativas do modelo de concentración da distribución, da perda de horticultores activos que abandonaron e a redución da rendibilidade xeral das explotacións, pero tamén se consolidaron espazos de comercialización alternativos que hai anos estaban xurdindo baseados na comercialización en canles curtas e na produción sostible.

(1.3.) Unha vez entrou o Estado Español na C.E.E., hoxe U.E., a aposta, no sector hortofrutícola, como en todos os demais, de concentración das producións, intensificación das mesmas para a obtención de “produtos” rendibles para as multinacionais da produción/distribución, fixo que, en base a normativas que supostamente avalan a calidade, seguridade, sanidade, trazabilidade... se fose destruindo todo o potencial hortofrutícola galego, orientándose tamén este sector en base a monocultivos dependentes de tecnoloxía das multinacionais que nos levan a perda do noso patrimonio natural, cultural e xenético e á concentración de mercados e posibilidades comerciais para a distribución en plataformas unificando o produto e facendo anónimas a labregas e labregos que perden a relación directa co consumidor. A figura da labrega eliminase da cadea alimentaria, volvéndonos meros “manipuladores de alimentos”.

(1.4.) A situación do sector, que trataremos de analizar de seguido, está hoxe condicionada ademais por unha crise sistémica e económica global e por uns gobernos despreocupados do seu futuro.

2. SITUACIÓN DO SECTOR.

(2.1.) O sector hortícola galego pasa por

unha grave crise nos derradeiros anos caracterizada por unha situación continuada de prezos similares aos de fai anos, que en moitos casos non chegan a cubrir os custes de produción. O asociacionismo non está desenvolvido, e non existen estruturas comerciais fortes e dinámicas, co cal calquera tipo de iniciativa e moi difícil de levar a cabo por parte dos/as produtores/as. Aínda que existe unha demanda potencial importante de produtos galegos de calidade tanto dentro como fora de Galiza, non existe unha resposta organizada no sector produtor diante desta demanda potencial, sendo moi difícil vencer certas inercias de funcionamento. Aparecen novos xeitos de produción e comercialización que dan indicios de consolidarse no tempo, baseados no comercio responsable e a produción sostible ecoloxicamente. Constátase a cada vez máis difícil participación do pequeno labrego na gran distribución sendo expulsado e producíndose cada vez máis un proceso de integración vertical.

(2.2.) Constátanse marxes abusivas da distribución con máis do 100% en moitos produtos do prezo final con respecto ao prezo percibido polos produtores e produtoras.

(2.3.) Constátase así mesmo un aumento cada vez maior das importacións, mesmo de dubidoso control, de produtos hortofrutícolas para o mercado galego, procedendo, no caso das froitas, a práctica totalidade das consumidas no territorio galego de fóra do noso país sen ter en conta o noso dereito como pobo a alimentarnos e como labregas e labregos a producir os nosos alimentos. O modelo de produción intensivo, económica, social e tecnoloxicamente, é maioritario no sector, pero está supoñendo graves problemas: dependencia económica da distribución, cada vez máis concentrada nas multinacionais da alimentación; problemas de saúde evidentes e cada vez máis preocupantes entre os produtores e produtoras, pero tamén entre a cidadanía en xeral; problemas medio ambientais de residuos e contaminación.

(2.4.) A esta situación únese unha cada vez maior dependencia tecnolóxica (sementes, adubos, plantas, fitosanitarios...) afondando no modelo de integración das explotacións para poder producir nas condicións reclamadas polos “mercados” e reforzadas polas leis vixentes (paquete hixiénico-sanitario, normativas de calidade, trazabilidade...).

(2.5.) O establecemento de leis e normativas, así como o cambio provocado nos horarios e nos hábitos de consumo, están creando mercados cada vez máis concentrados nas áreas comerciais, supoñendo xa en moitas zonas do país a imposibilidade de comprar produtos labregos galegos nos mercados: non existen leis que protexan nin potencien as hortalizas e froitas, frescas e/ou transformadas, procedentes das explotacións familiares, nin sequera para o mercado máis próximo, coa conseguinte decadencia noutros sectores económicos locais das vilas e cidades galegas xa que non se contempla o amplo abano de sectores que conviven e están con nos e interrelacionados con nós.

(2.6.) Créase a raíz disto un mercado potencial de consumidores que procuran alimentos locais frescos e de calidade. Aumentan a venda directa e os circuitos de consumo responsable.

(2.7.) A case inexistencia de empresas de sementes e de viveiros de horta e de froita obriga á dependencia máis absoluta en canto á tecnoloxía xenética de híbridos, OXMs... e limita as posibilidades de adaptación dos cultivos ao clima e solo galegos.

(2.8.) Esta dependencia vai aparelada habitualmente á compra de paquetes tecnolóxicos completos para a produción (adubos químicos, fitosanitarios, etc) con consecuencias cada vez máis graves non só na rendibilidade das explotacións senón tamén na saúde de quen produce e quen consume e, por suposto, no medio ambiente. O abuso deste tipo de prácticas poñen en dificultade e en perigo ás explotacións que

Relatorio do Congreso de Horta, Froita e Flor do SLG

2

queren desenvolver un modelo de produción sostíbel.

(2.9.) O acervo xenético-cultural de variedades e prácticas de cultivo está practicamente perdido a nivel comercial, sendo residual o que queda e mantido fundamentalmente nas pequenas explotacións de autoconsumo polas mulleres, no caso das hortalizas, e polos homes, no caso das froitas: de aí entendemos que deriva a grande importancia tamén do mantemento destas explotacións se non queremos que sexa irreversible dita perda, mesmo para poñerla en valor en circuitos comerciais alternativos os estipulados polo sistema intensivo de hoxe en día e na defensa da diversidade de sabores fronte a uniformidade que defenden as grandes industrias da produción e distribución de alimentos.

(2.10.) Non existen rexistros públicos que protexan dito acervo, nin posibilidades legais de cultivo de variedades locais.

(2.11.) Os parámetros e os controis de residuos en base á calidade e salubridade dos alimentos responden a criterios distintos dos que desexaríamos o sector produtor, xa que non garanten a nosa saúde como produtores/as nin protexen o medio ambiente. Os LMR (límites máximos de residuos) dos produtos hortofrutícolas varían cada ano e o listado de fitosanitarios permitidos tamén; as normas de calidade fanse en función do aspecto, tamaño, cor, aguante ao transporte, etc., cando ditos parámetros terían que ser en función a calidade nutritiva e a seguridade alimentaria dos consumidores, e non en función dos parámetros que só benefician a gran industria e a gran distribución.

(2.12.) As administracións non informan aos consumidores/as destes cambios nin das súas consecuencias, o cal leva a unha grande parte da cidadanía a unha confusión absoluta do que é prexudicial para a súa saúde e o seu entorno, cando debería velar polo respecto o medio ambiente e promover técnicas de cultivo menos agresivas e industrializadas; achacándose en moitas ocasións aos labregos e labregas a responsabilidade do emprego de agrotóxicos na cadea alimentaria e non aos gobernos que os negocian coas multinacionais en organismos como a

OMC ou a Unión Europea.

(2.13.) A crise económica reduciu a venda na gran distribución de produto galego en beneficio de alimentos de lonxe.

(2.14.) Os custes de transporte deberían de favorecer o consumo local o que podería ser nun futuro unha oportunidade pero actualmente as cifras non demostran iso.

(2.15.) En canto ao asesoramento e a formación ás explotacións tamén vivimos neste sector un desmantelamento de todo servizo público non dependente de multinacionais co desmantelamento das O.A.C.s (Oficinas Agrarias Comarcais) e dos centros de investigación.

(2.16.) A Xunta de Galicia desaparece como referente no asesoramento e non ten iniciado políticas de futuro no sector, mentres que as súas políticas Directrices de Ordenación do Territorio e a Lei de Augas son unha ameaza para o sector.

(2.17.) As subvención no sector para asesoramento están cada vez máis condicionadas a que os técnicos contratados polos labregos e labregas traballen para a Administración.

(2.18.) As ADFs foron un fracaso globalmente posto que se crearon moi poucas no país pola dificultade burocrática e financeira para a súa creación e sostemento.

(2.19.) Para a Horta o Contrato de Explotación Sustentable non valeu para nada xa que os parámetros non están adaptados á realidade do que é unha explotación hortícola.

(2.20.) Outro dos aspectos que caracterizan a situación da horta froita e flor é a falta de ordenación territorial que ocasiona dificultades insalváveis para o acceso á terra a un prezo razoábel para a práctica da agricultura.

(2.21.) O Sector da flor

(2.21.1) O escenario que atopamos neste sector en Galiza ven caracterizado polos seguintes elementos.

- Redución dos prezos de venda.
- Aumento das importacións de produtos de terceiros países, que

empregan man de obra barata e sen dereitos laborais. Estas importacións non teñen as garantías en canto á aplicación de fitosanitarios e adubos que teñen que cumprir as produtoras e os produtores europeos/os

► Dependencia total da tecnoloxía estranxeira pertencente a poderosas multinacionais.

► Aplicación masiva de pesticidas, co conseguinte risco para a saúde dos/as aplicadores.

► Perda de confianza por parte dos/as produtores na actividade cooperativa como vía para a comercialización.

(2.21.2.) Estes factores unidos á falla de redes comerciais alternativas, pouco investimento en investigación de mercados e márketing, o pouco desenvolvemento tecnolóxico propio, non posuír un produto con valor engadido e diferenciado, fan que aumenten os gastos de explotación, reducíndoos as marxes comerciais ate límites de poñer en perigo a viabilidade de moitas explotacións.

3. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN DO SLG.

(3.1.) Fomentar a organización dos/as labregos/as para dar resposta aos cambios que se están producindo no mercado. As cooperativas deben de servir de instrumento comercial técnico, financeiro e de factor de estabilidade e solidariedade para os/as produtores/as.

(3.2.) Demandar políticas que apoiem e promociónen o consumo de froitas e hortalizas producidas no noso país en primeira instancia.

(3.3.) Eliminar as prácticas fraudulentas da distribución no etiquetado de produtos hortofrutícolas non producidos na nosa terra.

(3.4.) Investigación, control e publicidade por parte da administración das marxes comerciais existentes entre produción e consumo, establecendo medidas correctoras e/ou sancionadoras.

(3.5.) Apoio desde as administracións á redución de custes de produción e comercialización, mellorando as infraestruturas comarcais (rego, transportes,

3

Relatorio do Congreso de Horta, Froita e Flor do SLG

mercados..) e desenvolvendo políticas propias de abastecemento de insumos con recursos locais (materia orgánica, adubos, sementes, viveiros, tecnoloxía...)

(3.6.) Potenciación do asesoramento público como xeito imprescindible de incorporación de xente nova ao agro.

(3.7.) Modificación do CES adaptándoo á realidade ao que é unha explotación hortícola galega.

(3.8.) Promoción do emprego de sementes e material vexetal hortofrutícola adaptado ás nosas condicións edafoclimáticas, en variedades comerciais e dando prioridade ás variedades locais.

(3.9.) Prohibición expresa de emprego e cultivo de variedades transxénicas no país.

(3.10.) Apoio á diversificación da produción hortícola e nomeadamente da frutícola.

(3.11.) Establecer medidas que permitan a redución de sistemas de produción contaminantes, fomentando prácticas agrarias sostíbeis, puxando pola eliminación de produtos químicos nocivos.

(3.12.) Derrogación da Lei de Augas.

(3.13.) Control público e exhaustivo de residuos de agrotóxicos nos mercados finais, elaborando a administración galega políticas propias de investigación e información sobre os L.M.R. permitindo e os produtos fitosanitarios auto-

rizados e das súas consecuencias na saúde e no medio, cuestionando mesmo o procedemento de autorización de agrotóxicos e as súas implicacións na saúde para todos os sectores de poboación (mulleres, maiores, nenos e nenas,...).

(3.14.) Programas de seguimento da aplicación de pesticidas para determinar os riscos reais aos que están sometidos/as os/as labregos/as, e ensaiar medidas correctoras no caso de que así sexa.

(3.15.) Establecemento e fomento de medidas de apoio decidido ás canles de comercialización curtas no noso país (mercados locais, prazas de abastos, pequeno comercio, restauración, hostalería e turismo, comedores colectivos e/ou públicos...), reivindicando o papel de dinamizador que temos as labregas e os labregos na conservación e mantemento do noso medio rural, coa conseguinte revisión das medidas legais.

(3.16.) Potenciación das políticas de identificación e márketing por parte das cooperativas e produtores/as galegos/as xa que no mercado da gran distribución non existe contacto directo co/a produtor/a, polo que hai que crear os vínculos que aproveiten a diferenza de apreciación que ten o/a consumidor/a entre os produtos do país e os de fora.

(3.17.) Impulsar desde os gobernos un modelo de produción sostible e responsable que xestione de xeito creativo os recursos naturais, produtor de alimentos sans para todo o mundo.

(3.18.) Promoción entre a cidadanía das vantaxes desta alimentación pola súa importancia para a saúde, o entorno e a economía local.

(3.19.) Apoio con fondos públicos para o mantemento de pequenas explotacións hortofrutícolas no territorio, pola súa importancia social, económica, medioambiental e cultural.

(3.20.) Revisión e adecuación de todos os apoios e axudas, apostando por criterios de sostenibilidade económica, social e ambiental.

(3.21.) Aposta polo fortalecemento das relacións das produtoras e produtores coa cidadanía, para ir elaborando, debatendo e conquistando os obxectivos citados.

(3.22.) Implicación da administración pública na recollida e xestión dos residuos plásticos e fitosanitarios.

(3.23.) Desenvolvemento de políticas de ordenación do territorio para que exista terra agrícola con prezo agrícola. Eliminación ou modificación das Directrices de Ordenación do Territorio.

(3.24.) Recuperación dos Centros de Investigación Agraria para que na práctica sirvan para mellorar as técnicas produtivas das explotacións, creando liñas para investigar novas variedades, variedades locais e maquinaria adaptada ao noso país. As innovacións conquistadas deben ser para os/as produtores/as e non deben venderse para beneficio das casas comerciais.



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas

Serge Azais, viticultor na rexión francesa de Languedoc-Roussillon e tesoureiro da Cooperativa Montagnac

“Seguimos un modelo no que os viticultores e as viticultoras diriximos a nosa adega”

O pasado 6 de novembro, Serge Azais, viticultor e tesoureiro da cooperativa Montagnac, na rexión francesa de Languedoc-Roussillon, participou nunha xornada do sector vitivinícola

do SLG. Serge é a cuarta xeración dunha familia viticultora e traballa, xunto á súa compañeira Rosa, vinte hectáreas de viñedos, que completa cunha hectárea de oliveiras e unha

pequena explotación de galiñas. Con el compartimos os segredos dunha cooperativa que, a pesares de ser das máis grandes do mundo, soubo manter á xente por diante dos beneficios.


■ É certo que a Cooperativa de Montagnac é unha das máis grandes do mundo?

Nos anos setenta, Montagnac era a cooperativa vitivinícola máis grande de Europa. Na actualidade, formamos parte dela 600 socios e socias que xuntamos 2.600 hectáreas de viñedos. Temos unha produción media que anda entre os 130.000 e os 150.000 hectolitros por ano. As nosas adegas teñen capacidade para elaborar 400.000 hectolitros de viño.

■ Con cantidades tan grandes, poden manter a calidade?

Temos unha produción moi variada, que vai de viños semi-industriais con vendima mecánica, ata os caldos ecolóxicos. De feito, comercializamos baixo a marca *Les Vignobles de Montagnac* máis de vinte viños distintos. Aí entran dende o produto a granel e os viños de mesa, ata aqueles amparados polas denominacións de orixe Picpoul de Pinet e Coteaux de Languedoc, ou os viños da terra (*du pays*) Coteaux de Bessilles, de Oc, e de Hérault. Tamén embotellamos sete monovarietais.

A produción amparada supón o 40% da que fai a cooperativa, mentres que o resto se vende a granel a empresas e negocios cos que temos subscritos acordos que nos garantan un volume de vendas e uns prezos, ano tras ano. En calquera caso, a cooperativa paga mellor a uva daquelas producións que optan pola calidade e por métodos de cultivo ecolóxicos.



■ Onde venden tanto viño?

Principalmente en Francia, onde fica o 40% da nosa produción. Un 30%, vai para o sur de Europa e o resto, a países como Estados Unidos, Canadá, China, Xapón, Nova Zelandia ou Rusia.

■ Canto persoal lle cónpre á cooperativa?

Temos 25 persoas asalariadas fixas, que soben a máis dun cento durante os tres meses da vendima e a elaboración do viño. Trátase dun importante factor para o desenvolvemento económico e social da bisbarra. Hai que ter en conta que un cento de socios e socias viven, exclusivamente, dos seus viñedos; mentres que o resto comparte a actividade vitícola con outros traballos ou coa xubilación.

“Montagnac é posible grazas a homes e mulleres que poñen por diante a honradez”

■ Non houbo ningún intento dos directivos para dominar a cooperativa e virar cara un modelo máis capitalista e industrial?

Seguimos un modelo no que os propios viticultores e viticultoras quixeron dirixir a adega, e non os directivos. Desta maneira, son os propios viticultores e viticultoras quen elixen as políticas a seguir e toman as decisións económicas. As persoas que están á fronte da cooperativa, máis que dirixir, realizan un importante labor de reflexión, de comunicación, de representación dos nosos viños en foros internacionais; amais de facer actividades formativas para mellorar comercialmente, organizar catas ou desenvolver novas vías de actividade coma o enoturismo nos viñedos.

Todo isto é posible grazas a homes e mulleres que poñen por diante a súa honradez e se comprometen antes co interese xeral da adega que co seu propio.

■ Daquela, no voso caso, o cooperativismo foi un bo xeito de enfrontarse á globalización no sector

Non creo que o cooperativismo sexa un antídoto contra a globalización, pero é o mellor instrumento económico e social para resistir o modelo neoliberal que se tenta impor no agro, xa que unha adega cooperativa no se pode deslocalizar. No noso caso, axuda moito que o consello reitor da adega e as persoas que traballan nela sexan persoas íntegras que traballan polo interese xeral.

En realidade, non temos ningunha receita contra a globalización. Sabemos que hai unha grande corruptela entre os dirixentes de moitas cooperativas, tanto en Francia como fóra dela, o que lle dá unha mala imaxe ao cooperativismo; en calquera caso, creo que unha cooperativa, administrada honestamente, é unha boa alternativa para os labregos e as labregas.

Acción formativa para reforzar a posición das pequenas adegas

O 8 de febreiro, viticultores e viticulturas do SLG reuníanse en Ribadavia e acordaban iniciar un plan de traballo e de reivindicacións para defender e reforzar a posición das adegas de colleiteiros e colleiteiras.

Enmarcadas nesta decisión, estanse a desenvolver unhas xornadas sobre xestión de pequenas adegas, en Ribadavia, que comezaron o 26 de febreiro. Ese día, pola mañá, os e as 25 participantes puideron escoitar ao inspector veterinario do Servizo de Industrias e Calidade Agroalimentaria da delegación de Ourense, Antonio Troitiño, que disertou sobre o xeito de levar os libros de xestión das adegas: entradas e saídas, embotellado, produtos e prácticas enolóxicas, etcétera. Esta charla estivo baseada no regulamento (CE) nº 436/2009,



Ao curso organizado polo Sindicato Labrego Galego acudiron viticultores e viticultoras de diversas zonas vitícolas da Galiza

que establece a normativa básica de aplicación para os documentos que acompañan ao transporte de produtos do sector vitivinícola e para os rexistros que se levarán no mencionado sector. Amais da exposición, Troitiño contestou ás diferentes dúbidas e cuestións formuladas polos e polas participantes na xornada.

Pola tarde hábíalle chegar a quenda a Vitor Rodríguez, técnico do Sindicato Labrego en Verín, que realizou unha sesión práctica de cuberta dos distintos libros, e un resume dos requisitos necesarios a cumprir para Facenda (alta en impostos especiais; declaracións de alcois, colleita e produción) ou sanitarios.

A afiliación do Condado tamén ten representantes na Dirección do Viño do SLG

Por mor dun erro cometido pola redacción de Fouce, no texto referente ao Congreso do Viño do Sindicato Labrego Galego (Fouce 284, páxina 22) non se incluíron ás persoas que representan á bisbarra do Condado na composición da Dirección Nacional do Viño do SLG.

Polo tanto, deberían figurar como membros da Dirección do Viño do Sindicato Labrego, a maiores dos xa publicados: Liliana Claro González, Patricia Novoa Torres, Juan José Pérez Martínez e Francisco Javier Martínez Gómez, todos e todas elixidos e elixidas nas asembleas que formaron parte do proceso congresual.

Valxestoso celebra a dúodécima Feira do Grelo tras unha boa colleita

A Cooperativa Valxestoso, de Monfero, celebrou a súa XII Festa do Grelo o pasado 27 de febreiro. Desta vez, repartíronse entre 1.000 e 1.200 racións na festa gastronómica e vendéronse produtos agrarios nunha feira organizada para a ocasión. Desta vez, había motivos para a celebración, xa que a colleita veu boa en comparación co ano pasado, cando as xeadas estragaron boa parte da produción.



Xa podes mercar o libro

“Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable”

de Tareixa Ledo Regal (Edicións Laiovento)

Prezo de venda
ao público: **18 €**

Prezo especial
para afiliados e
afiliadas: **15 €**

Á venda en todos os
locais do Sindicato
Labrego Galego



Presentacións: 10 de marzo en Vigo (organizado pola Asociación de Mulleres Dorna, o Movemento cidadán O Noso Barrio e o Centro Cultural Rueiro de Coia, e a HOAC - Salón de Actos da parroquia do Cristo da Victoria, rúa Baiona, 9); 11 marzo en Moaña (ás 20:30 horas); o 18 de marzo en Vedra (Biblioteca pública, ás 19:30, organiza a Asociación Berenguela para a Igualdade); o 1 de abril na Mariña (Vilamor, Mondoñedo, as 12:00); o 15 de abril en Lugo (Centro Cultural Uxío Novoneyra, ás 16:00 horas); o 14 de maio, presentación organizada polo Movemento Rural Cristián Galego polo San Cidre; 31 de maio en Vigo: (organizada polo Centro de Documentación e Recursos Feministas da Concellería de Igualdade de Vigo).

Frouma e SLG celebraron vinte seminarios ao redor do sector forestal

O Sindicato Labrego Galego e a Asociación Frouma desenvolveron -durante os meses de novembro, decembro e febreiro- diversas accións formativas por todo o país relacionadas co sector forestal.

En concreto, estes seminarios versaron sobre o funcionamento e xestión das comunidades de montes veciñais en man común, e sobre a importancia da xestión conxunta das parcelas particulares.

En total, foron máis de trescentas persoas vinculadas ao sector agroforestal, no meirande comuneiros e comuneiras e propietarios e propietarias de montes, quen asistiron aos seminarios realizados en A Estrada, A Gudiña, A Lama, A Mezquita, A Pastoriza, Becerreá, Betanzos, Cartelle, Castro de Rei, Cerdido, Cualedro, Lalín, Laza, Lourenzá, Meira,


Mondoñedo, Pol, Redondela, Rois e Teixeira.

Dende a Asociación Frouma fíxose unha valoración moi positiva do transcurso das xornadas, pola alta participación dos e das asistentes, debatendo e achegando ideas e experiencias acerca de diversos temas e problemáticas que afectan ao sector forestal. Desta maneira, favoreceuse un diálogo que permitiu a aprendizaxe conxunta, esbozando alternativas viables para a valorización do monte.

Os cursos e mesas redondas serviron tamén de espazo onde establecer contactos entre as numerosas comunidades, e propietarias e propietarios, para traballar colectivamente en vindeiras ocasións, o que suporá maior fortaleza nas iniciativas, traballos, proxectos e reivindicacións que se presenten no futuro.



Imaxes correspondentes aos seminarios sobre o sector forestal celebrados en Redondela (arriba) e Betanzos (abaixo)



Enmarcadas en negro e sombreadas, as zonas afectadas polo parque eólico do Couto de San Sebastián

Olives terá que devolver as axudas forestais por mor do plan eólico da Xunta

A veciñanza de Olives, unha parroquia da Estrada (Pontevedra), estase organizando, co apoio do Sindicato Labrego Galego, contra a instalación dun parque eólico no Couto de San Sebastián. E non é para menos. Hai uns anos, esta parroquia estradense fixo plantacións forestais no couto polas que percibiu axudas públicas. A construción do eólico nestes montes, autorizado pola Xunta, obrigará a cortar as árbores, o cal obrigará a que veciños e veciñas teñan que devolver as axudas con intereses.

Nestes intreos, estase a facer unha campaña de recollida de sinaturas para pedir que se exclúa da área de

desenvolvemento eólico aos núcleos rurais. Asemade, os servizos xurídicos do SLG barallan facer fronte a este problema por dúas vías: a primeira, consiste en ir á fase de expropiación forzosa, de maneira que non incumpran, voluntariamente, os compromisos adquiridos ao percibir as axudas para repoboar o monte, senón que o fagan forzados polo plan eólico. A segunda vía consiste en obrigá-la empresa concesionaria do parque eólico a custear a devolución das axudas á Xunta. Será a veciñanza, en calquera caso, a que decida se negocia colectivamente coa empresa ou opta pola expropiación forzosa dos terreos.

Un 8 de marzo con peores pensións e cos mesmos atrancos para sermos titulares

Con motivo do 8 de marzo, Día da Muller Traballadora, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego tivo que denunciar, unha vez máis, o forte impacto que ten e terá a reforma das pensións nas labregas e que, a día de hoxe, estas sigan a padecer unha flagrante discriminación á hora de poder ser titulares das explotacións nas que traballan.

As estatísticas reflicten que moitas labregas non cotizan ou que o comezan a facer a unha idade avanzada. A causa disto é a crise perpetua a que están sometidos todos os sectores agropecuarios, cos custes de produción en constante alza e os prezos en orixe estancados ou caendo. Isto obriga, de cotío, a que as mulleres non coticen até os últimos anos da súa vida laboral, a pesares de facer o mesmo traballo có seu cónxuxe na explotación, quen si adoita a cotizar dende o inicio da súa vida laboral.

As labregas que cotizan, ás penas chegan a facelo durante vinte anos. Segundo datos achegados por un informe de Eduardo

Navarro, conselleiro do Consello Económico e Social, no sector agrícola, dos homes cotizantes o 79'86% posúen máis de 35 anos cotizados; mentres que das mulleres só o 5'55% chegan a superar eses 35 anos. Por iso, elevar o tempo de cotización a 37 anos e medio vai provocar que o meirande das mulleres labregas cotizantes sufran severas reducións no

“No sector agrícola, dos homes cotizantes o 79'86% posúen máis de 35 anos cotizados; mentres que das mulleres só o 5'55% chegan a superar eses 35 anos”.

importe das súas pensións cando se xubilen; ou que fiquen condenadas a sobrevivir con misérrimas pensións de viuvez ou non contributivas despois de toda unha vida de traballo.

Así, a reforma das pensións ten un forte impacto nas mulleres labregas, un colectivo de traballadoras que veñen sufrindo, dende sempre, a flagrante discriminación de ter unha

morea de trabas para poder ser titulares da explotación na que traballan en pé de igualdade xunto ao seu cónxuxe. Lembremos que só na Galiza hai 35.000 labregas que non son titulares da explotación familiar na que traballan, cifra que ascende a 400.000 no conxunto do Estado Español.

Por todo o devandito, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego instou ao grupo interministerial de cotitularidade compartida nas explotacións agrarias a que axilice o seu traballo para aprobar, dunha vez por todas, e tras décadas agardando, o proxecto de lei sobre cotitularidade nas explotacións.

Ademais, nesta data na que aos políticos e políticas que nos gobernan se lles enche a boca con boas palabras e mellores intencións, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego pediu que recapitasen e comezasen a recuar nunha reforma das pensións que atenta contra todos os traballadores e traballadoras deste país, pero que o fai, con especial saña, contra as mulleres labregas.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



016

**Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.**

Chamada gratuita e secreta (non se rexistra no recibo)



**VIII Encontro anual da
Secretaría das Mulleres
do SLG**

**25, 26 e 27 de marzo de 2011
Xinzo de Limia (Ourense)**

Animátese a participar!

*Xa podes inscribirte no teu
local comarcal do SLG*

Secretaría
das mulleres
sindicato labrego galego

Crónica do curso de informática para mulleres organizado polo Sindicato Labrego Galego en Betanzos

Quince labregas betanceiras perdéronlle o medo a Internet e ás novas tecnoloxías

Quince mulleres do SLG estiveron participando nun curso de aprendizaxe informática que se desenvolveu, entre o 11 de xaneiro e o 1 de marzo, en Betanzos. As intencións do curso

eran progresar no emponderamento das mulleres participantes e mellorar na súa posta ao día coas novas tecnoloxías. En concreto, os contidos versaron sobre temas prácticos como

utilizar Internet para realizar xestións na Oficina Virtual da Consellaría de Medio Rural ou do Sergas; e tamén sobre cuestións transversais, como igualdade ou loita labrega.

En palabras da coordinadora do curso, Olalha López Barro, "o curso funcionou tan ben que as propias mulleres se autoorganizaron para traer todos os días do curso produtos caseiros elaborados por elas mesmas para compartir coas súas compañeiras, transmitir a súa sabedoría culinaria e intercambiar experiencias".

As propias participantes deron a súa opinión do curso:

■ MARÍA VIDAL GRUEIRO



1. Que destacarías do curso?

O que máis me gustou foi o compañeirismo entre nós. Axudámonos as unhas ás outras. Tamén todo o que aprendín, porque antes do curso non sabía nada, e agora sei. Con estas xuntanzas imos medrando como persoas.

2. Para que che valeu?

Antes tiña medo, non sabía nada e pensaba que non podía andar no computador porque era doutros. Agora xa non lle teño medo ningún.

3. Por que fixeches o curso co SLG?

Porque xa levaba tempo pedindo que se fixese este curso no sindicato.



Amais dos coñecementos informáticos, as participantes intercambiaron os seus saberes culinarios

4. Que mellorarías?

Que fose máis longo e para poder aprender máis.

■ MARGARIDA LAGARES



1. Que destacarías do curso?

O que máis me gustou foi a profesora, que nos soubo ensinar moi ben. Eu xa fora a outro curso de informática e non aprendín nada. O profesor era un desastre, ía ao seu ritmo e non se paraba contigo; só aprenderamos a abrir e fechar cartafolios.

2. Para que che valeu?

Valeume para saber entrar na Internet. Para non ter

medo a borrar, saber que as cousas fican no lixo e non desaparecen. É unha tranquilidade.

3. Por que fixeches o curso co SLG?

Aínda que puiden facelo noutro lugar, aquí adáptanse mellor aos meus horarios e prefiro facelo co SLG.

4. Que mellorarías?

Nada.

■ MARÍA XOSÉ GOLPE ACUÑA



1. Que destacarías do curso?

O que máis me gustou foron as compañeiras e o bo ambiente que se creou.

Tamén foi importante o que aprendemos... O que nos queda por aprender! Outra cousa que estivo moi ben foi que o SLG teña mercado computadores para nos facilitar a aprendizaxe.

2. Para que che valeu?

Para superar o medo que lle tiña aos computadores. Eu tiña medo de borrar sen querer documentos ou estragarlles os traballos aos rapaces. A min gustárame seguir aprendendo, polo que agardo que o SLG faga outro curso.

3. Por que fixeches o curso co SLG?

O certo é que tiven oportunidade de facelo noutro sitio, mais preferín facelo co SLG porque me gustan máis, son máis amenos, adáptanse mellor ao meu horario e somos todas mulleres.

4. Que mellorarías?

Se cadra, o peor foi non ter un local para todos os días polos problemas con Internet.

Axudas para implantar servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións

Axudas para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias. A data límite para a implantación ou inicio da actividade desde que se solicita a axuda será o 30 de setembro do ano da convocatoria. A solicitude de axudas presentárase anualmente de acordo coa correspondente convocatoria.

Aviso fiscal para as explotacións en módulos (modelo 347)

No mes de marzo está aberto o prazo para a presentación do Modelo 347 da AEAT, declaración anual de operacións con terceiros, na que se relacionan os e as clientes con que se realizaron operacións que no seu conxunto superaran os 3.000 euros, sen retención (venta de vacas, maquinaria, traballos, etc). Esta obriga afecta tamén ás explotacións que tributan por estimación obxectiva (Módulos). O prazo remata o 31 de marzo.

Prórroga dos arrendamentos rústicos históricos

Os arrendamentos rústicos históricos foron prorrogados até o 31 de decembro do ano 2015.

Axudas á maquinaria en réxime asociativo

Axudas ao fomento de maquinaria e equipamentos agrarios en réxime asociativo (CUMA e SAT). O prazo para solicitar estas axudas remata o **16 de Marzo de 2011**.

Axudas á produción de plantas vivas e floricultura

Axudas a agrupacións de produtores e produtoras de plantas vivas e produtos da floricultura para a mellora da súa produción, comercialización e formación. O prazo remata o **2 de Abril de 2011**

Axudas á promoción e información de produtos agroalimentarios

Axudas a agrupacións de produtores e produtoras para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada. O prazo de solicitude remata o **28 de marzo de 2011**.

Axudas para mercar maquinaria agrícola nova

Axudas para a renovación do parque de maquinaria agrícola de Galiza para o ano 2011. A finalidade destas axudas é o desmantelamento de tractores e máquinas automotrices agrícolas vellos e a súa substitución por novos tractores e novas máquinas que, ao estaren equipadas con modernas tecnoloxías, melloran as condicións de traballo, teñen unha maior eficiencia enerxética e producen menor impacto ambiental. O prazo para solicitar estas axudas remata o **4 de abril de 2011**.

Axudas da Política Agraria Común (PAC 2011)

Pagamentos directos á agricultura e á gandería, e axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011. O prazo de solicitude destas axudas remata o **30 de abril de 2011**.

Devolución do Imposto Especial de Hidrocarburos sen prazo

Agora non hai prazos para a devolución do IEH (Imposto Especial de Hidrocarburos), co cal, calquera labrego ou labrega que queira solicitalo, pode facelo en calquera momento coas facturas dende a última que presentou na solicitude anterior, e nin sequera terá que referirse a un ano natural. Máis información, en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Axudas no sacrificio obrigatorio de animais (bovino, ovino-cabrun)

Indemnizacións, axudas de compensacións complementarias e axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrun que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades animais. O prazo está aberto ate o **21 de Novembro de 2011**.

Axudas a fillos e fillas menores de tres anos

Prestación económica por fillas e fillos menores de tres anos. O prazo de presentación das solicitudes remata o **28 de marzo de 2011**.

Máis prazo para as axudas para promover o sector vitivinícola en países terceiros

As axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros amplían o seu prazo de solicitude até o **31 de marzo de 2011**.

Rexistro de maquinaria agrícola (ROMA)

Os labregos e labregas teñen a obriga de inscribir no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) toda a maquinaria de labranza agás instalacións fixas e mochilas e carretas de aplicación de fitosanitarios. Toda a maquinaria agraria terá que estar inscrita no ROMA **antes do 15 de xullo de 2011**. Máis información na túa oficina do SLG.

Compra - Venda - Troco

Véndese:

-Remolque de tractor preparado para bolas de herba
-Coche Audi 80 1.8 E
-Muño para moer millo en cana verde para enganchar a tractor
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260 (Paradela, Lugo)

Véndense

-Vacas do país, chegadas a parir.
Chamar ao 617 243 526 (Melide)

Véndese

-Grupo electrógeno de 15 cadeas.
Preguntar por Aurora no número 609 146 788 a partir das 18.00 horas (Curtis).

Véndese

-Xovencas frisonas. Boa xenética. Control leiteiro. Libre IBR, BVD. Media produción gandeira de 10.300 litros. Cualificación de 81. (Betanzos)
Chamar aos números de teléfono 610 962 132 ou 981 196 919

Véndese

-Emboladora Carraro 1200.
-Rotativa de 2 discos.
Preguntar por Xosé Luís no número 982 450 326. O Saviñao.

Véndese

-Autocargador rotativo que funciona. Económico. Zona Curtis.
Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Invernadoiro de 250 m² na zona de Silleda.
Chamar ao 628 615 877

Véndese

-Empacadora BATLLE modelo 142. En Becerreá.
Chamar ao 686 386 215.

Véndese

-Canón de rego de 300 m. e manguera de 90 cm. En Sandiás (Ourense).
Chamar ao 677 121 034

Véndese

-Parrulos (patos). Preguntar por Manuel no 661 586 023.

Véndese

-Explotación de horticoltura inscrita no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, situada en Pontearreas (Pontevedra). Superficie total: 6.600 m². Instalacións: invernadoiros (2.000 m²), galpón e baño (40 m²), depósito de auga (30 m³) e pozo.
Preguntar por Roberto no teléfono 652 665 350

Véndense

-40 rulos de herba seca.
Chamar ao 982 176 748.

Véndense

-Rulos de herba seca (Lugo).
Chamar ao 646 665 896

Véndese

-Autocargador picador Pottinger Faro 3500, con 150 horas de uso.
Chamar ao 647 777 498 de 19 a 22 horas. Comarca do Deza.

Véndense

-Tractor dobre tracción con 3.300 horas. 80 CV
-Desbrozadora de 1,60m dous anos.
Chamar ao 667 469 962

Véndese

-Land-Rover corto 2500.
-Mitsubishi corto 2500.
Con revisión recen pasada.
Preguntar por Martín no teléfono 648 911 341

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Silo de penso.
Preguntar por Francisco Prieto
no 982 137 525

Véndese

-Remolque semipicador Marañón de 22 metros. Descarga hidráulica.
Chamar ao 638 556 506

Véndese

-Circuito de muxido de 5 puntos.
-Rulos de rilo e herba seca.
Chamar aos números de teléfono 659 213 085 e 981 196 888

Véndese

-Pisón de 190 cms. con rodas.
-Ringleirador de correas súper 160.
Chamar aos números de teléfono 981 788 693 e 626 591 251

Véndese

-Mel totalmente ecolóxico. Sen ningún tipo de aditivos. Zona da Mariña.
Preguntar por Xosefa no teléfono 608 920 360.

Véndese

-Persiana metálica de 3 m. de alto e 3'5 m. de ancho.
Preguntar por Remedios no teléfono 691 997 142

Véndese

-Sementes de cogomelos para cultivo. En Salvaterra de Miño (Pontevedra).
Preguntar por Miguel Ángel en miguel_arm187@hotmail.com ou no teléfono 600 922 101

Véndese

-Tanque de frío de 250 litros.
-Segadora rotativa de dous discos e 1,85 de traballo
Chamar ao 982 154 274

Véndese

-Lampreas do río Miño
Preguntar por Esteban no teléfono 656 544 060 ou escribir ao correo esgesva@hotmail.com

Véndese

-4 silos de chapa e patas galvanizadas con capacidade para un tráiler de penso. En Rainiz de Veiga.
Preguntar por Manuel no número de teléfono 600 603 338

Véndese

-Rotoempacadora CLAAS Variant 280, ano 2004, Pic-uk 2'10 ancho, rodas 400. En moi bo estado.
-Reparditor de estercero Herculano, ano 2001, 6.500 quilos, 4 rodillos verticais, roda 400. En moi bo estado.
Na zona da Limia.
Chamar ao 661 736 998

Véndese

-Quad Suzuki LTZ 250, ano 2007, con cambio semiautomático, transmisión por cardan (de baixo mantemento), separadores traseiros, grellas de aluminio, escape de inox e cubremantetas. Particular. Impecable. Mellor ver (1.000 Km). Prezo: 2.000 €.
Chamar ao 661 808 545

Véndese

-Mazo eléctrico de ferreiro. (Lugo).
Chamar ao 982 150 232

Véndese

-Desensiladora de dobre coitela con poldro acabada de reparar. Zona de Friol.
Chamar ao 982 183 019

Véndese

-Xovencas frisonas próximas ao parto libres de BVD, IBR, etc. Preguntar por Aurora nos teléfonos 680 660 961 e 982 313 052

Véndese

-Carro mesturador con fresa. Zona Curtis.
Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Pacas pequenas de herba seca na zona de Touro.
Chamar ao 676 463 128

Véndese

-Herba seca. En Cospeito.
Chamar aos números de teléfono 610 472 095 e 982 505 798

Véndese

-Rolos de herba seca.
Chamar ao 659 643 489

Véndese

-Remolque tradicional.
-Autocargador Pottinger.
-Silo Profi.
-Tanque de frío Alfa Laval de 3.800 litros.
-Pisón.
En Sobrado dos Monxes.
Chamar ao 630 883 662

Véndese

-Sala de muxir MIELE, liña alta 4 puntos, dous medidores porcentuais.
-Tanque de frío tipo bañeira (1.060 litros) marca JAPI.
Zona Betanzos.
Preguntar por Francisco no teléfono 689 005 541.

Véndese

-Herba Seca
Chamar aos números de teléfono 986 68 18 29 e 639 683 278.

Véndese (por xubilación)

-Remolque autocargador Lacasta P11
-Cisterna Carruxo 4.000 litros
-Silo para penso 6.000 quilos dividido en dous
-Tanque para leite Packo 800 litros
-Circuito Manus 4 puntos
-Sulfatadora para tractor
-Rotoempacadora carro Mascar 120
-Preguntar por Raúl no teléfono 982 312 200 (Castroverde)

Véndese

-Carretilla sulfatadora de 2 rodas (100 litros). Na zona de Betanzos.
Chamar ao 696 977 740

Véndese

-Autocargador Santini
-Tanque de leite de 550 litros (zona de Chantada)
Chamar ao 657 397 499

Véndese

-Cachorros de Mastin dos Piriños e Mastin Español.
Preguntar por Paco no teléfono 626 194 490

Véndese

-Cisterna de 3.000 litros.
Chamar ao mediodía ao teléfono 982 313 084.

Véndese

-Cabras en Vereia (Ourense).
Chamar ao 646 098 727

Véndese

-Galiñas piñeiras e pitos piñeiros.
Chamar ao 981 500 608. (Arzúa)

Véndese

-Circuito de 3 puntos Alfa Laval.
-Tanque do frío de 550 litros marca JUPPY
Chamar aos teléfonos 660 485 856 ou 619 087 727 (Boimorto).

Véndese

-Xovencas.
-Tanque de frío de 3.000 litros.
-Lavadora Alfa Laval.
-Separadores de cubículos.
En Portomarin (Lugo).
Preguntar por Sandra nos teléfonos 697 422 304 e 982 157 768

Véndese

-Egua, cruce hispano-árabe, moi mansa, vale para calquera persoa.
Chamar ao 660 606 081

Véndese

-Sala de muxido Magnus de 2'5, con retirada automática, medición e estrutura. Bo estado e bo prezo.
Chamar aos números de teléfono 661 332 991 e 661 332 970

Véndese

-Autocargador Lascasta 22 m. En bo estado (zona de Xallas).
Chamar ao 981 894 317.

Véndese

-11 xovencas e cuxas pequenas por cese de actividade (Cesuras).
Chamar ao 981 790 233

Véndese

-Adubo xa compostado de explotación de gando vacún en San Amaro (Ourense)
Preguntar por David no teléfono 646 074 892

Véndese

-Cisterna marca "Magal" 2.500 litros en bo estado. (Barreiros)
Chamar ao 629 324 129

Véndese

-Silo de 8.000 quilos, dividido. Tanque de frío de 750 litros.
Preguntar por Anxeles ou Lalo no 982 137 620

Véndese

-Fresadora Agrator de 1'60, reforzada.
-Segadora BCS.
Chamar ao 690 376 048 (Oroso)

Véndese

-Plantas de feixoa en maceta. Varios prezos segundo tamaño.
Chamar ao 620 524 197

Véndese

-2 bois de dous anos de idade (Cerdido)
Chamar aos teléfonos 607 619 326 ou 981 417 378

Véndese

-27 ovelas e 2 machos en Baños de Molgas (Ourense)
Preguntar por Constantina no 669143494

Véndese

-Xovencas preñadas e becerras de raza vianesa, inscritas no libro xenealóxico de razas autóctonas en perigo de extinción (Lousame).
Preguntar por Fernando no teléfono 679 192 242.

Véndese

-Tractor Lamborghini 1050.
Preguntar por Anxeles no teléfono 988 442 057 (Allariz)

Véndese

-Rotativa de 1,85 por 1.200 euros.
Chamar ao 649 147 614.

Véndese

-Enroladora John Deere 570
-Rotativa Deutz Fahr 1.95
-Autocargador JB 22m
Todo seminovo. Zona de Lugo.
Tlño. 982 160 116 e 690 774 565

Véndese

-Carretillas de segunda man.
-Tolva con cinta transportadora e con velocidade regulable.
-Dúas cadeas arrincadoras de palacas Aguirre
-Pincho para cargar rolos
Preguntar por Xosé Antonio no 650 019 275 (Xinzo de Limia)

Véndese

-Mural expositor refrixerado, serie inoxidable, con: cortina nocturna, iluminación superior, catro niveis de estantes, dimensións (1975 de longo x 632 de ancho x 2007 de altura), control dixital
-Sistema de refrixeración de cámara de conservación.
Preguntar por Luisa no 660 411 577 ou no 671 631 153

Véndese

-Silos de penso de 5.000 e 2.000 quilos.
Preguntar por María Xesús no número 629 927 005 (Compostela)

Véndese

-Coche sen carné (en Lugo)
Chamar ao 653 204 315

Véndese

-Tanque de frío de 330 litros.
-Circuito de 3 puntos Alfa Laval.
-Rulos de herba.
Chamar ao 981 694 167 (Mesia)

Véndese

-Licor café de moi boa calidade (método tradicional e ingredientes naturais).
-Augardente branca e augardente de herbas de uva de boa calidade e bo grao.
Chamar ao 678 085 696

Véndese

-Rulos de silo.
-Autocargador Bonino con rotativa.
-Silo de penso de 4.000 quilos, con división interior, en bo estado.
Chamar ao 981 790 331.

Véndese

-Tanque de frío Stork, capacidade 500 l. Bo estado. Prezo 300 €
-Circuito marca ALFA-LAVAL 3 puntos, Bo estado. 650 €
Chamar ao 982 144 078 ao mediodía ou á noite

Véndese

-Autocargador Class.
-Ventilador para as cortes. (Zona Compostela)
Chamar ao 677 244 325

COMPRAS

Mércase

-Abono de polos.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

Mércase

-Muño de cereal con adaptador para tractor.
Chamar aos números de teléfono 666 396 285 ou 988 454 227

Mércase

-Invernadoiro de segunda man. Mínimo 500 m2.
Chamar ao mediodía aos números de teléfono 653 960 162 ou 986 586 984.

Mércase

-Segadora para acoplar ao terceiro punto do tractor. En Rainiz de Veiga.
Preguntar por Manuel no teléfono 600 603 338.

Mércase

-Herba seca. Na zona de Oza dos Rios.
Chamar ao 689 532 023.

Mércanse

-Gavelador de herba
-Segadora de herba
-Preguntar por Manuel no 600 603 338 (Rainiz de Veiga)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrécese

-Persoa responsable e con experiencia para traballar en explotación gandeira ou agraria, tanto ao xornal como a xornada completa. Desbrosques de montes e parcelas. Preferiblemente comarcas do Condado e Paradanta (Pontevedra).
Chamar ao 659 623 020

Fanse

-Traballos en pozos artesáns (limpar, afondar, emparedar...). Equipado con elevador para sacar terra, bomba de achique con manguera ata 25 m de fondo e 50mm de diámetro, martelo picador e equipo de ventilación.
Desprazámonos. Presupostos sen compromiso.
Preguntar por Fernando no número 662 084 529

OUTROS

Alúganse

-Fincas na zona de Mesía.
Chamar ao 981 694 167



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Alerta na sementeira de millo no 2011!!

U nha das ameazas máis sérias coas que nos enfrontamos labregas e labregos, e a sociedade, son os transxénicos. Agora, está empezando unha forte presión para que sementemos millos transxénicos. Ofrecemos algunhas das razóns polas que o SLG recomenda **non sementar millo transxénico**:

1. Dependencia. As variedades transxénicas están patentadas e ninguén pode gardar sementes para resementar. Ademais, a través do pole contaminan. Corremos o risco de que, se alguén sementa ao noso carón e o noso millo se contamina, a empresa propietaria da patente do millo que nos contamine nos demande, podendo condenarnos a pagar importantes sumas.

Tamén nos farán dependentes do paquete agrotóxico que subministra a mesma empresa que manipula a semente.

2. É unha tecnoloxía cara. É posíbel que agora, para introducir estas sementes, as coloquen no mercado a prezos similares ás sementes normais. Mais cando se expandan contaminando, os prezos van cambiar, **porque estamos falando de sementes artificiais que se conseguen en laboratorios introducindo xenes doutras especies diferentes. Trátase de conseguir artificialmente algo que nunca ocorrerá na natureza, como é cruzar especies diferentes, por exemplo un peixe cun tomate.**

3. Antibióticos. No proceso de manipulación xenética utilízanse antibióticos que logo van quedar no millo e que as vacas van comer. Isto, ademais de supoñer un perigo para as persoas que logo comemos leite ou carne dos animais que inxeriron ese millo.

Tamén o comen as vacas, os becerros, os porcos, as aves, e poden volverse resistentes e non responder aos tratamentos con antibióticos fronte a mamite, pneumonías ou calquera outra enfermidade que teña ser tratada con antibióticos.

Tampouco sería descartábel a presenza de antibióticos nos alimentos que obtemos dos animais, tales como leite, carne ou ovos.

Nomes comerciais do millo transxénico MON 810

FOGGIA	DKC5784YG	KARTERYG	ES BLASON
ACCUA YG	DKC5018YG	KAVALAYG	PR31D61
ARENA YG	DKC6041YG	KURATUSYG	PR31N28
ARISTIS BT	DKC6675	LG3711YG	PR32G49
ASTURIAL BT	DKC6667YG	MAS52YG	PR32T86
AZEMA YG	ES ANTALYA YG	MAS58YG	PR32W04
BELES SUR	ES ARCHIPEL YG	MAS60YG	PR33B51
CAMPERO BT	ES MAYORAL YG	MAS71YG	PR33P67
CARELLA YG	ES CAJAUYG	PR35Y69	PR33Y72
ES PAOLIS YG	ESMILONGAYG	PR36B09	PR34N44
HELEN BT	LUSON BT	SF1035T	PR34P86
JARAL BT	KADENAYG PONCHO	SF1112T	PR35A56
EVOLIA YG	KARDANYG	SF4701T	* * *

Eu non semento millo transxénico. E ti?